



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Ordenanza de Mobilidade do Concello de Oleiros

Exposición de motivos

O artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases do réxime local, outorga aos concellos a potestade regulamentaria dentro do ámbito das súas competencias, e o artigo 25.2.b) do mesmo texto legal dispón que o concello exercerá en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

O Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, no seu artigo 7 atribúe aos concellos, entre outras, as seguintes competencias: a ordenación e control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, a regulación mediante ordenanza municipal dos usos das vías urbanas, a retirada de vehículos das vías urbanas e o seu posterior depósito e a autorización de probas deportivas cando discorran integramente polo núcleo urbano.

A Ordenanza de circulación vixente no Concello de Oleiros é moi antiga, e os sucesivos cambios normativos, tanto na Lei sobre tráfico como no Regulamento xeral de circulación, fan precisa unha nova regulación municipal. Esta normativa será complemento da Lei de seguridade viaria, para regular os usos das vías públicas municipais, a debida protección e garantía aos peóns, a fluidez do tráfico rodado, a distribución dos aparcadoiros entre todos os usuarios, así como medidas de inmovilización, retirada e traslado de vehículos que incumpran as normas e causen prexuízos aos demais usuarios e ao interese xeral. En todo caso, a intención desta Ordenanza circunscríbese a unha adaptación da normativa sectorial en materia de seguridade viaria ás circunstancias propias do tráfico e circulación nas vías de Oleiros.

A problemática do feito da circulación, innegable segundo sinala a propia Lei sobre tráfico, atópase viva e é cambiante ao longo do tempo. Na actualidade existen conductas transgresoras do correcto uso dos espazos públicos, como son a utilización da vía pública para levar a cabo a venda de vehículos, ou a súa ocupación por industrias do sector do automóbil para a súa actividade. Outro caso máis sería o estacionamento de vehículos como soportes dinámicos e estáticos de publicidade. Todas estas conductas cómpre que se eliminen, e o texto as sinala como infraccións administrativas, co fin de que os espazos públicos constituán un uso común real para todos os usuarios a través da promoción dunha distribución dos aparcamentos xusta.

O recoñecemento da figura do peón tamén ten incidencia renovadora dentro do presente texto. É unha figura primaria, en canto que todos os usuarios da vía pública nalgún momento adquiren esta condición e da que, xunto cos dereitos que o texto consolida, ten que valorarse a outra perspectiva: a dos deberes. Ás veces esquencemos ou subordenamos as obrigas que os peóns teñen, descoñecendo a importancia vital que teñen para artellar unha efectiva convivencia entre o tráfico rodado e o peonil. A Ordenanza tratará de adaptarse á realidade social regulando o exercicio lexítimo do uso da vía pública polo peón tomando como punto de chegada e finalidade global o da seguridade.



CONCELLO DE OLEIROS

A Ordenanza estrutúrase en seis títulos, incluído un preliminar. O Título I fixará as normas xerais de circulación, e se divide en tres capítulos, que abranguen (xunto con especificacións concretas para os distintos usuarios da vía) as normas sobre sinalización e dispositivos limitadores de velocidade, e as de parada e estacionamento. O Título II regula o réxime de actividades que lexítimamente se poden facer ou se prohiben na vía pública. Estrutúrase en sete capítulos. O Título III determina supostos nos que se controlan actividades que poden ser constitutivas de incumprimentos normativos pola falta do deber de conservación que os titulares dos vehículos deben ter con eles, e regula en tres capítulos tanto as incidencias por exceso de ruídos ou gases e os vehículos que se atopen abandonados. O Título IV recolle especialidades derivadas da zonificación ou parcelación de puntos do Concello, e se divide en tres capítulos. O Título V, o derradeiro, recolle en catro capítulos o réxime de infraccións e sancións, e como anexo á Ordenanza esta complétase coa correspondente relación codificada de infraccións que facilitará a comprensión da Ordenanza tanto aos usuarios da vía como aos que teñen a responsabilidade de facer cumprir a normativa.

En definitiva, con esta Ordenanza preténdese obter unha ferramenta normativa que discipline os usos das vías públicas para a circulación viaria en beneficio de todos e minimizar os problemas dos usuarios.

Título Preliminar

Artigo 1. O presente regulamento fórmase no exercicio da potestade normativa que reconece o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, así como no disposto no artigo 7.b) do Real decreto 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que faculta aos Concellos para a regulación mediante ordenanza municipal de circulación dos usos das vías urbanas.

Subsidiariamente, naquelas materias non reguladas expresamente pola Ordenanza aplicarase o Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, o Regulamento xeral de circulación, os regulamentos de vehículos e de conductores e o resto de normativa de carácter xeral que estea vixente.

Artigo 2. Constitúe o obxecto da presente Ordenanza a regulación dos usos das vías urbanas de acordo coas fórmulas de cooperación ou delegación con outras administracións, facendo compatible e equitativa a distribución dos estacionamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento das medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos estacionamentos prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos adaptados, todo isto co fin de favorecer a súa integración social.

Artigo 3. O ámbito de aplicación desta Ordenanza obrigará aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e nos interurbanos, daqueles dos que a competencia estea cedida ao Concello, aptos para a circulación, aos de vías e terreos que, por ter tal aptitude sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.



CONCELLO DE OLEIROS

Entenderase por usuario/a da vía aos peóns, conductores, ciclistas e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou utilice a mesma para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

Título I. Normas xerais de circulación

Capítulo I. Normas que afectan a diversos usuarios da vía

Sección 1. Usuarios de vehículos a motor, peóns e bicicletas

Artigo 4. 1. Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non intorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou moletias innecesarias ás persoas ou danos aos bens.

Os peóns circularán polas beirarrúas, de forma que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes. Para cruzar as calzadas utilizarán os pasos sinalizados e nos lugares que carezan destes, cruzarán polos extremos das mazás, perpendicularmente á calzada, asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

2. Deberase conducir coa dilixencia e precaución necesaria para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non poñer en perigo, tanto ao mesmo condutor como aos demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente ou temerario.

Os usuarios das vías que se vexan implicados nun accidente, o presenciaren ou teñan coñecemento del están obrigados a auxiliar ou solicitar auxilio para a tender ás vítimas de habelas, prestar a súa colaboración para evitar males mais grandes ou danos, e restablecer na medida do posible a seguridade da circulación e colaborar ao esclarecemento dos feitos.

Todo condutor implicado nun accidente adoptará as seguintes prescricións:

- a) deter o seu vehículo tan pornto como sexa posible, sen crear perigo para a circulación ou as persoas.
- b) Sinalizar de forma visible para o resto de usuarios da vía a situación de accidente ou avería.
- c) Avisar aos axentes da autoridade se aparentemente houbera persoas feridas ou falecidas.
- d) Tratar de manter ou restablecer na medida do posible a seguridade na circulación no entanto cheguen os axentes da autoridade.
- e) Prestar aos feridos o auxilio que resulte mais axeitado segundo as circunstancias, e especialmente recabar auxilio sanitario dos servizos que poidan existir.
- f) Facilitar os datos precisos sobre a súa identidade, a dos seus vehículos e a da entidade aseguradora e número de póliza do seguro obrigatorio dos seus vehículos, cando así o requiran outras persoas implicadas no accidente ou os axentes da autoridade.



CONCELLO DE OLEIROS

Todo usuario da vía que advirta que se produciu un accidente sen estar implicado no mesmo deberá cumprir as prescricións anteriores, salvo que manifestamente non sexa precisa a súa colaboración ou xa se persoasen os servizos de emerxencia ou de autoridade.

Todo conductor que produza danos nas sinais reguladoras da circulación ou en calquera outro elemento da vía pública verá obrigado a poñelo en coñecemento da autoridade canto antes, e será responsable do mesmo.

O conductor que causare algún dano a calquera vehículo estacionado sin conductor terá a obriga de procurar a localización do titular do vehículo e de advertir ao conductor do dano causado, facilitando a súa identidade. De non ser posible a localización deberá comunicalo ao axente da autoridade mais próximo.

Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearse do mesmo sen asegurarse con anterioridade de que o feito non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

3. As bicicletas estarán dotadas dos elementos reflectantes debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos de acordo coa mencionada normativa. Cando sexa obrigatorio o uso da iluminación, os condutores de bicicletas ademais levarán colocada algunha prenda reflectante se circulan por vía interurbana.

Prohíbese expresamente aos condutores de bicicletas, quads, motocicletas ou ciclomotores, arrancar ou circular apoiando unha soa roda na calzada, ou só dúas no caso dos quads. Así mesmo, prohíbese aos usuarios de ciclomotores, bicicletas, patíns, monopatíns ou artefactos similares, agarrarse a vehículos en marcha.

Os condutores e pasaxeiros de motocicletas ou motocicletas con sidecar, de vehículos de tres rodas e cuadríciclos, de ciclomotrores e de vehículos especiais tipo quad, deberán utilizar adecuadamente cascos de protección homologados ou certificados, excepto se os citados vehículos contan con estruturas de autoprotección e posúen cintos de seguridade.

Independentemente da titularidade da vía e da clase da mesma, será de uso obrigatorio o casco para ciclistas coas excepcións recollidas no Regulamento Xeral de Circulación.

4. As bicicletas circularán polos carris especialmente reservados, respectando a preferencia de paso dos peóns que os crucen. De circular pola calzada, por non ter vía reservada, transitarán preferiblemente polo carril da dereita, excepto cando teñan que realizar un xiro próximo á esquerda.

5. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas, deberán respectar individualmente a sinalización semafórica que lles afecte.

6. No que respecta a todos aqueles vehículos pendentes da súa homologación, a súa circulación polas vías reguladas pola presente ordenanza axustarase ao recollido no Regulamento Xeral de Vehículos, de condutores e de Circulación.



CONCELLO DE OLEIROS

7. Queda expresamente prohibido conducir vehículos baixo a influencia de bebidas alcohólicas con taxas superiores das regulamentariamente establecidas, e en todo caso, baixo os efectos de substancias estupeficientes, psicotrópicas ou similares.

Sección 2. Obras, niveis de emisión e depósitos na vía pública

Artigo 5. 1. A realización de obras, instalacións, colocación de contenedores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza, necesitará a anterior autorización municipal e se rexerán polo disposto nesta norma, polo resto de normativa municipal de aplicación, e pola normativa de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levarse a efecto por petición da autoridade municipal.

Poderán ser paralizadas as obras ou servizos cando, por motivos de seguridade, exista risco grave e inmediato para persoas e/ou bens por orde da Alcaldía.

2. Non poderán circular polas vías obxecto desta ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos, así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ter sido obxecto dunha reforma non autorizada. Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias indicadas.

Artigo 6. Prohíbese lanzar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir na mesma, ou nas súas inmediacións, efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.

Sección 3. Velocidade

Artigo 7. 1. O límite máximo de velocidade de marcha autorizado nas vías urbanas reguladas pola presente ordenanza é de 50 km/h, sen prexuízo de que a autoridade municipal, vistas as súas características peculiares, poida establecer en certas vías límites inferiores ou superiores, regulado sempre mediante a sinalización vertical e horizontal correspondente.

Todo condutor está obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos e a ter en conta ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e estado da vía, así como as do vehículo e as da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación e, en xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concurrentes, a fin de adecuar a velocidade do vehículo de forma que sempre poida deter a marcha do mesmo dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo.

No que respecta á conducción de animais en vía pública, esta se realizará en perfectas condicións de controlalos ao achegarse a outros usuarios da vía. Aos condutores de cabalarías, gando e vehículos de carga de tracción animal, quédalles prohibido levalos correndo pola vía nas inmediacións



CONCELLO DE OLEIROS

doutros da mesma especie ou das persoas que van a pé, así como abandonar a súa condución, deixándoos marchar libremente polo camiño ou deterse nel. De igual maneira, no transporte de animais, estes en ningún momento interferirán na condución.

2. Poderase circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transporte de vehículos especiais, ou cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Sección 4. Dispositivos electrónicos e de retención

Artigo 8. 1. Os conductores de vehículos deberán axustarse no desenvolvemento da condución ás normas establecidas na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

2. Queda prohibido conducir todo tipo de vehículos utilizando cascos ou auriculares conectados a aparatos receptores ou reprodutores de son, excepto durante a realización das probas de aptitude en circuito aberto para a obtención do permiso de condución nas condicións que se determinen regulamentariamente.

3. Prohíbese a utilización durante a condución de dispositivos de telefonía móbil e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares.

Quedan exentos desta prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

4. Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo, excepto cando utilicen dispositivos homologados para o efecto, tendo e conta a excepción recollida no Regulamento Xeral de Circulación. Referente aos asentos traseiros do vehículo, as persoas que non cheguen aos 135 centímetros de estatura deberán utilizar obrigatoriamente un dispositivo de retención homologado adaptado á súa talla e ao seu peso; e as persoas cunha estatura igual ou superior a 135 centímetros e que non supere os 150 centímetros, poderán utilizar indistintamente un dispositivo de retención homologado adaptado á súa talla ou peso ou o cinto de seguridade para adultos. En todo o referente a este apartado, estarase ao disposto no artigo 117 de Regulamento Xeral de Circulación, modificado polo Real decreto 965/2006, de 1 de setembro.

Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente se permite esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.



CONCELLO DE OLEIROS

5. Prohíbese que nos vehículos se instalen mecanismos ou sistemas, se leven instrumentos ou se acondicionen de forma encamiñada a eludir a vixilancia do táfico ou dos seus axentes, como igualmente que se emitan ou fagan sinais con esa finalidade.

6. Considérase incompatible coa obligatoria atención permanente á condución o uso polo conductor co vehículo en movemento de dispositivos tales como pantallas con acceso a Internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e a utilización do cal sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de peóns ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras.

Capítulo II. Sinalización e dispositivos limitadores de velocidade no viario urbano

Artigo 9. A sinalización das vías urbanas corresponde á autoridade municipal. A alcaldía ou o concelleiro delegado ordenará a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda.

Para os efectos de proceder a dotar de sinalización en urbanizacións de nova creación que requiran dun estudo específico, requirirase de informe previo da Unidade de Tráfico da Policía Local, que terán en conta os departamentos que no campo urbanístico ou de obras públicas se vexan afectados.

Todos os usuarios das vías obxecto desta ordenanza, están obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obriga ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se encontren nas vías polas que circulan.

Artigo 10. 1. A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a anterior autorización municipal. A autorización determinará a situación, modelo e dimensións dos sinais a implantar.

O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor, e isto tanto no relativo aos sinais non regulamentarios como se é incorrecta a forma, colocación ou deseño do sinal.

2. Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre elas ou a carón destas, placas, carteis, marquesiñas, anuncios, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar aos usuarios da vía ou distraer a súa atención.

Artigo 11. 1. A autoridade municipal, en caso de emerxencia ou ben pola celebración de actos deportivos, culturais ou de calquera outra natureza, susceptibles de producir grandes concentracións de persoas ou vehículos, poderá modificar temporalmente a ordenación do tráfico existente e adoptar, de ser o caso, todas as medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade das persoas e vehículos e unha maior fluidez na circulación.

2. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é o seguinte:

- Sinais e ordes dos axentes encargados da vixilancia do tráfico.



CONCELLO DE OLEIROS

- Sinalización circunstancial que modifique o réxime de utilización normal da vía pública.
- Semáforos.
- Sinais verticais de circulación.
- Marcas viarias.

No suposto de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan entrar en contradicción entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou a máis restritiva se se trata de sinais do memo tipo.

Artigo 12. 1. Definición de medidas limitadoras de velocidade no viario urbano: Ademais das medidas existentes na lexislación sobre a a materia (sinalización e balizamento), contéplase na presente ordenanza a regulación do uso das seguintes medidas:

- Bandas sonoras (e ópticas), transversais á calzada.
- Resaltes transversais pegados á calzada (popularmente “ramplas o resaltes”, de material flexible e dimensións adecuadas.
- Resaltes transversais de amplo desenvolvemento, efectuados en obra sobre a vía (“lombo de asno” e “pasos peonís sobreelebados”)

2. As bandas sonoras (e ópticas), transversais á calzada son elementos dispostos transversalmente ao eixo da vía. O efecto que persiguen estes elementos é o de espertar a atención do conductor, relativo en este caso ao exceso de velocidade en que puidera estar incorrendo, provocando sobre este unha maior advertencia da sinalización e as circunstancias.

3. Os resaltes transversais pegados á calzada de material elástico son módulos de distintos formatos con sección en forma de curva superior e recta na inferior (segmento circular), que se fixan sobre o pavimento normalmente mediante tirafondos ou parafusos de distinta seccións e sistemas de bloqueo. Pola súa cor serán facilmente perceptibles polo conductor que se aproxime ao punto no que se encontran dispostos.

4. Os resaltes transversais de amplo desenvolvemento consisten na laceración dunha plataforma sobreelevada respecto da rasante do viario, nunha altura concreta (oscilando entre 4 e 15 centímetros normalmente), cunha pendente de entrada e unha de saída, co fin de suavizar o acceso á mesma freando a marcha do vehículo.

Dependendo da lonxitude da plataforma e do elemento que se sinalice sobre esta, podemos distinguir en:

- “Lombos de asno”: o único fin que persiguen é aminorar a marcha do tráfico nunha zona, ao ocupar coa plataforma todo o ancho do carril de circulación ou calzada. O seu perfil será lonxitudinal circular.
- “Pasos de peóns sobreelevados”: a plataforma sobreelevada destínase a albergar un paso de peóns, mellorando tando a visibilidade do paso de peóns como a seguridade de peón que o utiliza.



CONCELLO DE OLEIROS

A solución construtiva de todos estes elementos contemplará o encontro coas beirarrúas, mantendo a accesibilidade sen barreiras arquitectónicas e o libre paso das augas de escorrentía pola liña de augas existente en cada rúa.

Capítulo III. Parada e estacionamento

Sección 1. Parada

Artigo 13. Enténdese por parada toda inmovilización dun vehículo para tomar ou deixar persoas ou cargar e descargar cousas, durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o condutor poida abandonalo. Se excepcionalmente o fai, deberá telo suficientemente ao alcance para retiralo no mesmo momento en que sexa requerido ou as circunstancias o esixan. Non se considerará parada a detención accidental ou mementánea por necesidade da circulación.

Artigo 14. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo. En todo caso, a parada terá que facerse achegando o vehículo á beirarrúa da dereita segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación tamén se poderá facer á esquerda. Os pasaxeiros terán que baixar polo lado dereito correspondente á beirarrúa. A persoa condutora, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que con anterioridade se asegure de que pode efectualo sen ningún tipo de perigo.

Artigo 15. En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde menos dificultades se produzan na circulación. Exceptúanse os casos en que os pasaxeiros sexan persoas enfermas ou impedidas, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións do servizo de limpeza ou recollida de lixo.

Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima de 1 metro desde a fachada máis próxima, co obxecto de permitir o paso a peóns.

Artigo 16. Os autotaxis e vehículos de gran turismo pararán na forma e lugares que deterne a ordenanza reguladora do servizo e no seu defecto, con suxeción estrita ás normas que con carácter xeral se establecen na presente ordenanza para as paradas.

Artigo 17. Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e recoller viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola autoridade municipal.

Artigo 18. A autoridade municipal poderá requirir aos titulares de centros docentes que teñan servizo de transporte escolar para que propoñan itinerarios para a recollida de alumnos. Unha vez que aprobaron estes, esta autoridade poderá fixar paradas dentro de cada ruta quedando prohibida a recollida de alumnos fóra destas paradas.

Artigo 19. Prohíbense as paradas nos caso e lugares seguintes:



CONCELLO DE OLEIROS

- a) Nos lugares prohibidos regulamentariamente ou sinalizados vertical e/ou horizontalmente.
- b) Cando produzan obstrucción ou perturbación grave na circulación de peóns ou vehículos.
- c) En dobre fila.
- d) Sobre os refuxios, illas, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.
- e) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, así como en vaos debidamente sinalizados.
- f) Zonas sinalizadas para uso exclusivo de discapacitados ou persoas de mobilidade reducida, sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peons.
- g) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala, sexa inferior a tres metros.
- h) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.
- i) Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro aos outros vehículos e nas interseccións e nas súas proximidades causando perigo por falta de visibilidade.
- j) Nas pontes, pasos a nivel, túneles e debaixo dos pasos elevados.
- k) Nos lugares onde a detención impida a visión de sinais de tráfico aos condutores aos que estas estean dirixidas.
- l) Na proximidade de curvas ou cambios de rasante cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos os poidan pasar sen perigo ao que estea detido.
- m) Nas paradas debidamente sinalizadas para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urgencia.
- n) Nos carrís reservados á circulación ou ao servizo de determinados usuarios, como autobuses de transporte público de pasaxeiros ou taxis.
- o) Nos rebaixes da beirarrúa para o paso de persoas con mobilidade reducida.
- p) Nos pasos ou carrís reservados exclusivamente para o uso de ciclistas.
- q) Cando se obstaculicen os accesos e saídas de emerxencia debidamente sinalizadas pertencentes a colexios, edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración dos mesmos.
- r) No medio da calzada, aínda no suposto caso de que a anchura da mesma o permita, excepto no caso de que estea expresamente autorizado.
- s) Parar impedindo un xiro autorizado.

Sección 2. Estacionamento

Artigo 20. Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cunha duración que exceda de dous minutos, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación ou polo cumprimento de calquera requisito regulamentario.

Artigo 21. O estacionamento deberá efectuarse de tal forma que o vehículo non obstaculice a circulación nin constituá un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo situándoo o máis cerca posible do bordo da calzada segundo o sentido da marcha, e evitando que poida poñerse en movemento en ausencia do condutor. Para tal obxecto os condutores terán que tomar as precaucións adecuadas e suficientes, e serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do



CONCELLO DE OLEIROS

vehículo ao poñerse en marcha espontaneamente ou pola acción de terceiros, excepto cando neste último caso existira violencia manifesta.

O estacionamento efectuarase de forma que permita aos demais usuarios a mellor utilización do restante espazo libre.

Artigo 22. Os vehículos poderanse estacionar en fila ou cordón, en batería e en semibatería. Denomínase estacionamento en fila ou cordón aquel no que os vehículos se situán un detrás do outro, paralelamente á beirarrúa. Denomínase estacionamento en batería aquel no que os vehículos se sitúan un no lateral do outro, perpendicularmente á beirarrúa; e estacionamento en simibatería, oblicuamente á beirarrúa.

A norma xeral é que os vehículos se estacionarán en fila. A excepción a esta norma deberá estar sinalizada expresamente.

Os vehículos de dúas rodas, xa sexan motocicletas, ciclomotores ou bicicletas, estacionarán nos espazos destinados para tal fin.

Queda prohibido o estacionamento de motocicletas, ciclomotores e bicicletas encadeados ou atados entre si ou a calquera outro elemento urbano que se encontre na vía pública.

Non se poderán estacionar nas vías urbanas nin en espazos naturais que sexan obxecto de medidas especiais de protección do medio ambiente os vehículos destinados ao transporte de viaxeiros ou de mercadorías con masa máxima autorizada (MMA) superior a 3.500 k; os remolques e caravanas, autocaravanas, semirremolques, carromatos, góndolas de transporte, contedores de camións e asimilados, separados do vehículo a motor ou cabina, excepto nos casos nos que obteñan autorización municipal expresa, e en tal suposto, conforme ás determinacións específicas que se concreten na autorización.

Non se poderán estacionar por un prazo superior a 48 horas nas vías urbanas nin en espazos naturais que sexan obxecto de medidas especiais de protección do medio ambiente as caravanas, autocaravanas, remolques e semirremolques que contén con masa máxima autorizada (MMA) inferior a 3.500 k.

Artigo 23. Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento cando non estivera prohibido, efectuarase ao lado dereito de sentido da marcha.

Nas vías dun só sentido de circulación estacionarase no sentido da marcha e, se non existe sinal en contra, os estacionamento poderá efectuarse a ambos os lados da calzada, sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a 3 metros.

Artigo 24. Os condutores deberán estacionar os vehículos tan cerca do bordo como sexa posible, deixando un espazo non superior a 20 centímetros entre o bordo da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo, para poder permitir a limpeza desta parte da calzada.



CONCELLO DE OLEIROS

Ao igual que nas paradas, en rúas urbanizadas sen beirarrúa, non se poderá estacionar sen deixar polo menos unha distancia mínima de 1 metro desde o bordo lateral do vehículo á fachada máis próxima, co obxecto de permitir o paso de peóns.

Artigo 25. A autoridade municipal poderá fixar zonas na vía pública para estacionamento ou para utilización como terminais ou intercambiadores de liña de autobuses, tando de servizo urbano como interurbano.

Artigo 26. 1. O Concello poderá establecer medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcadoiros. Poderanse establecer distintos tipos de prazas de estacionamento suxeitas ao réxime de estacionamento limitado tanto dende o punto de vista temporal como dende o punto de vista dos vehículos habilitados para o uso das prazas (zona de residentes). Tanto os horarios de limitacións de estacionamento coma os lugares onde situar este tipo de prazas de estacionamento desenvolveranse de acordo co que se prevea en regulamento municipal que desenvolva o presente artigo.

2. A alcaldía poderá establecer rúas onde o estacionamento só estará permitido para aqueles vehículos de titulares que acrediten a residencia nas mesmas ou nas que dispoña a administración. Para estes efectos, sinalizará o ámbito de aplicación desta habilitación para aparcar e os titulares de vehículos que se vexan afectados pola medida deberán solicitar que o Concello lles facilite acreditación desta circunstancia para os efectos de depositala visiblemente no vehículo. Todo vehículo estacionado nunha rúa que teña unha limitación que ampare exclusivamente aos residentes e que non teña visible a tarxeta ou documento expedido polo Concello que o habilite para estacionar nese lugar será retirado e denunciado pola comisión de infracción administrativa.

Artigo 27. A autoridade municipal poderá establecer e sinalizar zonas para a realización das operacións de carga e descarga.

Artigo 28. Queda prohibido o estacionamento nos casos e lugares seguintes:

- a) Nos lugares onde o prohiban os sinais correspondentes.
- b) Onde estea prohibida a parada.
- c) En dobre fila en calquera suposto.
- d) Sobre os refuxios, illas, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.
- e) Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías, para este tipo de vehículos, nos días e horas en que estea en vigor a reserva, e cando se exceda dunha hora de estacionamento. Tamén se prohíbe o estacionamento de vehículos destinados ao transporte de mercadorías que estacionen en zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías pero non realicen labores de carga e descarga. En todo caso, nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías para usuarios que non teñan autorización para estacionar nelas.
- f) Nas paradas de bus e taxi.
- g) Nas zonas reservadas para o estacionamento de vehículos de organismos oficiais, delegacións diplomáticas e servizos de urxencia ou policía.



CONCELLO DE OLEIROS

- h) Diante dos accesos ou saídas de emerxencia debidamente sinalizadas de edificios destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración dos mesmos, xa que con iso se resta facilidade á saída masiva de persoas en caso de emerxencia.
- i) En batería sen sinais que habiliten tal posibilidade e en liña cando o estacionamento deba efectuarse en batería consonte á sinalización existente.
- j) Cando o vehículo estacionado deixe para a circulación rodada unha anchura libre inferior á dun carril de 3 metros.
- k) Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que a anchura da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
- l) Cando se obstaculice ou impida a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais.
- m) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas de mobilidades reducida.
- n) En condicións que dificulten a saída doutros vehículos estacionados regulamentariamnetne.
- o) Nos vaos, total ou parcialmente.
- p) Nos carrís reservados á circulación de determinadas categorías de vehículos; carril bus, taxi, tranvía.
- q) Nos lugares reservados exclusivamente para parada de determinadas categorías de vehículos.
- r) Nos lugares sinalizados temporalmente por obras, actos públicos, feiras ou eventos deportivos. Para o caso deberanse sinalizar axeitadamente como mínimo con corenta e oito horas de antelación.
- s) Diante dos lugares reservados para colectores do servizo municipal de limpeza.
- t) Sobre as beirarrúas, paseos, zonas verdes e zonas naturais, e demais zonas destinadas ao paso de peons.
- u) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas de mobilidade reducida.
- v) Nas pontes, pasos a nivel, túneles e debaixo dos pasos elevados.
- w) Estacionar impedindo a visibilidade da sinalización a outros usuario a quen lles afecte.
- x) Estacionar nun túnel ou tramo de vía afectado polo sinal de túnel.
- y) Estacionar en lugar onde se obstaculiza o uso ou acceso aos hidrantes, debidamente sinalizado.
- z) Estacionar na beiravía.
- aa) Estacionar impedindo un xiro autorizado.
- bb) Estacionar en zona de estacionamento limitado por contravir o uso temporal ou de residentes establecido, ben por non exhibir en lugar visible o distintivo válido de acreditación do pago da taxa correspondente ou cando colocado o distintivo se supere o tempo máximo de estacionamento, e estacionar en zonas onde estea previsto o estacionamento de residentes da rúa ou rúas cercanas sen dispor e/ou exhibir a autorización municipal expedida ao efecto.
- cc) Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro aos outros vehículos e nas interseccións e nas súas proximidades causando perigo por falta de visibilidade.

Título II. Actividades na vía pública con afectación na circulación



CONCELLO DE OLEIROS

Capítulo I. Carga e descarga, ocupacións da vía pública e mudanzas

Artigo 29. Os labores de carga e descarga realizaranse en vehículos dedicados ao transporte de mercadorías, ou aqueles que estean debidamente autorizados para isto, dentro das zonas reservadas para tal efecto e durante o horario establecido e reflexado nas sinalizacións correspondentes. En todo caso, consideranse vehículos dedicados ao transporte os seguintes:

- i. Camións: que son automóbiles concebidos e construídos para o transporte de cousas.
- ii. Tractocamiós: que son os automóbiles concebidos e construídos para realizar o arrastre dun semirremolque.
- iii. Vehículo articulado: que é o conxunto de vehículos formado polo seu automóbil e o seu semirremolque.
- iv. Aquellos outros, non incluídos nos apartados anteriores, que estando destinados ao transporte de mercadorías, estean en posesión da pertinente tarxeta de transportes. Non se considerará un vehículo habilitado para a carga e descarga un turismo que non dispoña desta tarxeta.

En canto ao peso e medida dos vehículos de transporte que realicen operacións de carga e descarga, axustaranse ao disposto na vixente ordenanza. Non obstante, a Alcaldía poderá limitar ou ampliar en función da capacidade de determinadas vías do municipio.

As operacións de carga e descarga realizaranse de acordo co previsto nos apartados que seguen:

1. As mercadorías, materiais ou cousas que sexan obxecto de carga e descarga non se depositarán na vía pública, senón que se trasladarán directamente do inmovible ao vehículo ou viceversa, excepto nos casos excepcionais, que deberán ser expresamente autorizados polo departamento municipal competente en materia de circulación.
2. As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios, e coa obriga de deixar limpa a vía pública e reparar, de ser o caso, os danos producidos nesta.
3. As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios e persoal suficiente para axilizar a operación, e procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns como de vehículos.
4. En caso de que as operacións de carga e descarga supoñan un risco para a integridade de persoas ou danos nos bens, aquelas se sinalizarán debidamente, nas condicións que determine a Policía local.
5. Non poderán permanecer estacionados, nas zonas habilitadas para carga e descarga, vehículos que non estean realizando esta actividade.

Artigo 30. A carga e descarga de mercadorías realizarase:

- a) Preferentemente no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reúnan as condicións adecuadas, cando as características de acceso dos viais o permita.
- b) Nas zonas reservadas para este fin, dentro do horario reflexado na sinalización correspondente.



CONCELLO DE OLEIROS

- c) Unicamente se permitirá a carga e descarga fóra das zonas reservadas, nos días e lugares que se autorice especialmente.

Artigo 31. A Alcaldía poderá ditar disposicións que versen sobre as seguintes materias:

- a) Delimitación das zonas de carga e descarga.
- b) Delimitación de peso e dimensións dos vehículos para determinadas vías do municipio.
- c) Horario permitido para realizar as operacións de carga e descarga, en relación coa problemática propia nas diferentes vías e barrios da cidade.
- d) Servizos especiais para realizar operacións de carga e descarga, con expresión de días, horas e lugares.
- e) Autorización especiais para camións de máis de nove toneladas e media e vehículos que transporten mercaderías perigosas.

Artigo 32. Prohíbese excepto autorización expresa para aqueles casos concretos, o estacionamento para labores de carga e descarga de vehículos de máis de nove toneladas e media de masa máxima autorizada, vaian ou non cargados, en todas as vías urbanas que teñan un ancho de calzada igual ou inferior a 9 metros cando esta teña dobre sentido de circulación, así como nas vías de 5 ou menos metros de ancho de calzada e único sentido de circulación.

Artigo 33. Os vehículos guindastre de auxilio en estrada de masa máxima autorizada superior a nove toneladas e media, poderán circular libremente dentro das rúas comprendidas dentro desta ordenanza, sempre e cando se encontren realizando servizos de urxencia ou salvamento. En todo caso, deberán avisar con anterioridade á Policía local, do servizo a realizar e do lugar da intervención.

A carga e descarga en situacións ou para servizos especiais (combustible, mudanzas, operacións esporádicas e excepcionais) deberá ser obxecto de autorización municipal expresa. Nestas autorizacións que se concedan farase constar a finalidade, situación, extensión, datas e horarios, así como a masa máxima autorizada (MMA) dos vehículos. Deberá solicitarse a preceptiva licenza municipal para a realización desta actividade con alo menos dez días de anterioridade á data na que se pretenda realizar a ocupación.

Entenderase por mudanza para os efectos previstos neste artigo o traslado de mobles e enseres domésticos, así como de material de oficina. A solicitude para a obtención de licenza para facer a actividade na vía pública deberá presentarse polo rexistro xeral do Concello ou por calquera dos rexistros habilitados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cos requisitos sinalados no artigo 70 do mesmo texto, indicando o día ou días e o horario de ocupación e a necesidade ou non de prohibir o aparcamento, e en caso positivo sinalando a lonxitude a prohibir. Xuntará un plano ou croquis da superficie a ocupar. O Concello poderá requirir a constitución de aval ou fianza de existir risco de danos nos bens públicos e o suxeito autorizado deberá aboar a taxa que corresponda pola ocupación da vía pública que se lle autorice. A solicitude para a realización desta actividade presentarse con alo menos dez días de anterioridade á data na que se pretenda realizar a ocupación.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 34. O aproveitamento especial do dominio público con motivo de actividades, instalacións ou ocupacións, requirirá con carácter xeral a anterior obtención de licenza ou autorización se incide na vía pública de titularidade municipal. A este respecto será obrigatorio tamén o cumprimento das especificacións que se recollan no resto de ordenanzas municipais que teñan incidencia nesta materia.

Artigo 35. A autorización outorgada obriga aos seus titulares a manter en perfecto estado de seguridade, salubridade e hixiene a zona autorizada, así como a repoñer o pavimento e os desperfectos ocasionados como consecuencia da ocupación ou actividade desenvolvida.

Artigo 36. Estas autorizacións poderán ser revogadas pola administración, iniciándose con anterioridade o correspondente procedemento de revogación e dando audiencia ao interesado, debendo quedar acreditadas as razóns de interese público que xustifican a revogación.

Artigo 37. 1. Non poderán as casas de compra-venda, talleres mecánicos ou de lavado e calquera outra empresa do sector da automoción, utilizar a vía pública para estacionar vehículos relacionados coa súa actividade industrial ou comercial, exceptos nos casos que teñan autorizada expresamente unha reserva de espazo.

2. Tamén se prohíbe o estacionamento de vehículos que leven instalado soporte con publicidade, calquera que sexa a actividade comercial ou industrial que anuncien.

3. Prohíbese a utilización da vía pública co fin de promover a venda de vehículos a motor, xa sexan novos como de segunda mano ou usados, tanto a empresas como a particulares. Para estes efectos, entenderase que se promove a venda de vehículos na vía pública cando leve carteis ou distintivos que así o indiquen. Os vehículos que se atopen nesta situación poderán ser retirados polo guindastre municipal.

4. Prohíbese a utilización da vía pública por parte de autocaravanas ou vehículos similares que pretendan usala como lugar habitable con certa vocación de permanencia, por canto impide a libre circulación, a ocupación temporal dese espazo dun modo limitado e rotativo por outros eventuais usuarios e dificulta a equitativa distribución dos estacionamentos. Para estes efectos entenderase que pretenden usala como lugar habitable con certa vocación de permanencia, cando permanezan estacionados nun mesmo lugar máis de 48 horas.

Capítulo II. Obras e servizos na vía pública. Sinalización das ocupacións da vía pública pola realización de obras

Artigo 38. 1. A sinalización por obras e traballos na vía pública deberá axustarse en todo momento ás disposicións normativas vixentes, singularmente as pertencentes ao Concello de Oleiros, sen que poidan ser alterados, baixo ningún pretexto, os seus requisitos ou modelos.

2. Nun mesmo poste non poderán colocarse máis de dous sinais regulamentarias, debendo quedarse o bordo inferior da máis baixa a 1 metro do chan como mínimo.



CONCELLO DE OLEIROS

3. Non deben utilizarse os sinais combinados de “dirección prohibida” e “dirección obligatoria” nun mesmo poste.

4. En combinación cun sinal regulamentario poderanse engadir indicacións suplementarias, para o que se utilizará unha placa rectangular, que deberá ir colocada debaixo do sinal sen excedelo en tamaño.

5. A sinalización das obras deberá estudarse como un elemento primordial que, como tal, debe ser adecuadamente deseñado, orzamentado e esixido; e estará en función das circunstancias concurrentes en cada tipo de ocupación, debendo valorarse os seguintes aspectos e elementos:

- a) Tipos de vía: Calzada única cun só sentido de circulación; de dobre sentido; con só dous carrís cada unha etc.
- b) Intensidade e velocidade normal da circulación antes e ao longo da zona que ocuparán as obras, en ausencia destas.
- c) Visibilidade dispoñible antes e ao longo da zona de obras.
- d) Importancia da ocupación da vía. Sen ou con peche dun ou máis carrís, ou peche total.
- e) Duración da ocupación, con especial referencia á permanencia durante a noite ou ao longo dunha fin de semana.
- f) Perigosidade que reviste a presenza da obra en caso de que un vehículo invada a zona a ela reservada.

En función destas circunstancias e doutras que se consideren relevantes, deberá establecerse unha circulación consistente nunha ou varias das medidas seguintes:

- a) O establecemento dun itinerario alternativo para a totalidade ou parte da circulación
- b) A limitación da velocidade.
- c) A prohibición de adiantamento entre vehículos.
- d) O peche dun ou máis carrís á circulación.
- e) Unha sinalización relacionada coa ordenación adoptada.
- f) Un balizamento que destaque a presenza dos límites da obra, así como a ordenación adoptada.

O petionario da ocupación vén obrigado e é responsable do mantemento e boa visibilidade da sinalización vertical existente na rúa e que quede afectada pola zona de obra, debendo comunicar á Policía local, as posibles modificacións necesarias na sinalización, anterior á ocupación da obra.

A reposición da sinalización vertical e horizontal unha vez que rematou a ocupación deberá facerse de tal forma que manteña os mesmos criterios que o resto, é dicir, que a altura e a situación transversal sexa a que indica a normativa para zona urbana, e igual situación e dimensións na horizontal.

6. Cando pola natureza e extensión das obras sexa necesario a sinalización horizontal no pavimento, a cor das marcas que se utilicen será amarelo reflectante, ao igual que o fondo da sinalización vertical. Deberanse borrar as anteriores marcas viarias se estas puideran dar lugar a erro. Unha vez



CONCELLO DE OLEIROS

que finalice a obra ou a ocupación, deberá repoñerse a sinalización horizontal que existía antes de efectuar aquela, co mesmo tipo de material e xeometría.

Artigo 39. 1. Toda actuación por obras ou traballos levada a cabo na vía pública, calquera que sexa a súa natureza, deberá vir advertida por un sinal ou cartel de advertencia de “perigo obras”.

2. Disporase sempre de valados que limiten frontal e lateralmente a zona non utilizable para o tráfico rodado ou peonil: os valados colocaranse formando un todo contínuo, isto é, sen ningunha separación entre elas, reforzándose con paneles direccionais reflectantes nos extremos da ocupación, colocados perpendicularmente ao movemento dos vehículos e persoas.

3. Nas zonas onde se vexa afectada a parte da calzada dedicada aos peóns teranse que crear corredores peonís habilitados en zona de calzada, cunha anchura mínima de 1,5 metros, garratándose unha altura mínima de 2,10 metros. Este paso, que se pode reducir a 1 metro en situacións especiais, estará debidamente reforzado con valados e dentro da zona de exclusión ao tráfico de vehículos.

Artigo 40. 1. A sinalización deberá ser claramente visible pola noite, polo que cando a zona non teña boa iluminación os valados serán reflectantes ou disporán de captafaros ou bandas reflectantes verticais de 10 centímetros de anchura. Os sinais seán reflectantes en todos os casos.

Os recintos pechados ou balizados levarán sempre luces propias, colocadas a intervalos máximos de 10 metros e sempre nos ángulos saíntes, calquera que sexa a superficie ocupada. As condicións de iluminación deberán manterse constantes mentres dure a ausencia de luz.

Artigo 41. 1. Como norma xeral, non se poderá cortar ningunha rúa nin producir estreitamento nas súas calzadas superiores ao indicado nos casos seguintes:

- 1) Ningunha rúa de sentido único poderá quedar cunha anchura inferior a 2,5 metros libre para o tráfico.
- 2) Ningunha rúa de dobre sentido poderá quedar cunha anchura inferior a 5 metros libres para o tráfico. Para estes efectos considerarase que as rúas con dous sentidos de circulación, separados por unha mediana, sebe, illa, ou calquera outro elemento de discontinuidade, son rúas en sentido único.
- 3) Cando por motivo de inaplazable necesidade sexa necesario cortar totalmente, en vía de dobre sentido, un dos carrís, disporase dos sinais necesarios para indicar o paso alternativo aos vehículos.

2. Calquera obra, ocupación ou traballo que, non sendo motivado por causas catastróficas, non poida axustarse ás normas anteriores, deberá estar especialmente autorizado polo servizo municipal, logo do informe favorable da Policía local en canto á sinalización, balizamento e ordenación da circulación se refire.

3. A autorización obrará en poder do responsable da ocupación e no lugar onde esta se realice. Exibirase públicamente mediante a colocación dunha copia nun dos valados delimitadores. Os



CONCELLO DE OLEIROS

axentes da autoridade municipal poderán tomar nota da autorización, pero non a recollerán, excepto que se detecten alteracións na mesma. Admitirase que, en substitución da autorización, se exhiba fotocopia da mesma debidamente compulsada.

4. Independentemente do tipo de ocupación ou da vía en que esta se realice, será obrigatorio, unha vez se obteñan os permisos necesarios, comunicar mediante documento escrito á Policía local, polo menos con corenta e oito horas de antelación, o momento en que se dará comezo á ocupación, para que se tomen as medias necesarias encamiñadas a garantir o libre tránsito tanto do tráfico rodado como dos peóns. Incluso nos caso máis urxentes, comunicarase igualmente coa maior antelación posible e dentro das primeiras dúas horas.

Capítulo III. Probas deportivas, actos culturais, eventos artísticos e festas populares

Artigo 42. Todos aqueles actos de carácter deportivo, cultural, rodaxes cinematográficas, televisivos, festivos ou similares, que afecten á calzada, deberán estar provistos do correspondente permiso da alcaldía ou concellería competente, logo do informe do departamento municipal competente en materia de circulación.

Artigo 43. A autorización tamitada ante o departamento municipal competente en materia de circulación, cando proceda, concederase condicionada a:

- 1) Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita, o paso de vehículos de urxencia e transporte público.
- 2) Que no remate de todos os actos, as vías deberán quedar libres e expeditas, debendo responder os titulares da autorización dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocadas con motivo do acto celebrado.

Artigo 44. Da concesión final ou non destes permisos darase traslado á Policía local.

Artigo 45. Como trámite anterior á concesión da autorización, e como condición de validez da licenza, esixirase, cando por interese público se considere conveniente, a constitución dun aval ou depósito a todos os organizadores e responsables de cantos eventos de natureza cultural, festiva, deportiva ou similares desexen utilizar os bens públicos municipais, así como todo tipo de dependencias, instalacións e servizos de titularidade municipal. Este aval ou depósito garantirá todo tipo de responsabilidades que se orixinen, incluso por posibles danos a terceiros.

Artigo 46. No caso de que o Concello requirise a constitución do aval, esta garantía non se devolverá aos organizadores ou responsables dos eventos sen que anteriormente conste por escrito no expediente correspondente, a través dos informes dos servizos técnicos competentes, que non produciron danos aos bens e instalacións municipais.

Artigo 47. As autorizacións citadas poderán ser revogadas pola administración, iniciándose con anterioridade o correspondente procedemento de revogación e dando audiencia ao interesado, debendo quedar acreditadas as razóns de interese público que xustifican a revogación.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 48. Se os organizadores dos eventos non presentaran os correspondentes permisos a Policía local poderá suspender as actividades citadas.

Artigo 49. Para a celebración deste tipo de actividades, a entidade organizadora disporá dos medios materiais e humanos necesarios para levar a efecto os eventos e garantir a protección e seguridade dos mesmos, podendo a Policía local interesar o incremento ou modificación dos adoptados para evitar prexuízos á circulación rodada e peonil.

Artigo 50. 1. A persoa ou entidade organizadora dos actos será a responsable de garantir o mantemento das medidas citadas ata a finalización dos actos, así como da retirada de calquera tipo de instalación unha vez que remate o evento. En caso contrario, a Policía local poderá suspender os mesmos.

2. Cando se trate de competicións e probas deportivas, carreiras ou marchas ciclistas e vehículos históricos, estarase ao disposto no anexo II do Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación. Neste tipo de probas o itinerario deberá ser facilitado xunto coa solicitude de autorización alo menos con dez días de antelación para informe da Policía Local previo á concesión do permiso polo órgano competente. Queda prohibido utilizar un itinerario para a proba diferente ao do percorrido autorizado polo Concello.

Artigo 51. Os interesados nunha reserva temporal de estacionamento, con motivo de eventos culturais, deportivos, cinematográficos e análogos, deberán solicitalo no Concello, sendo tramitada esta solicitude polo departamento municipal competente. Desta autorización remitirase copia á Policía local, para o seu coñecemento. A ocupación implicará a obriga por parte do autorizado de aboar o prezo público que corresponda.

Artigo 52. As actuacións de carácter artístico, tanto individuais como en grupo, tales como mimo, música, pintura e similares, que pretendan levarse a cabo no ámbito territorial de aplicación desta ordenanza, estarán suxeitas a autorización municipal, que se outorgará ou denegará en virtude dos informes técnicos oportunos e/ou en función das molestias que poidan causarse aos cidadáns.

Capítulo IV. Usos prohibidos nas vías públicas

Artigo 53. Prohíbese a ocupación de bens de uso público e, en especial, da vía pública, mediante a instalación de calquera tipo de máquinas expendedoras ou aparatos lúdico-recreativos, alleos a calquera servizo público, excepto as expresamente concedidas pola autoridade municipal competente, e de acordo coa normativa especial reguladora das ocupacións da vía pública do Concello de Oleiros.

Artigo 54. Quedan prohibidos nas vías, rúas e prazas de uso público, os xogos ou diversións que poidan representar un perigo ou molestia para outros usuarios ou para os mesmos que as practican, excepto nas zonas especificamente habilitadas para o efecto.



CONCELLO DE OLEIROS

Igualmente, queda prohibido exercer a venda de calquera tipo de produto, ou ofrecemento de sevizo, a usuarios de vehículos que circulan polas vías públicas, aínda cando estes se encontren en situación de parada ante un semáforo, retención ou sinal.

Artigo 55. Cando se produza desobediencia á prohibición recollida no parágrafo primeiro do artigo anterior, con independencia da denuncia que puidera derivarse, procederase por parte da autoridade municipal ao decomiso do obxecto de xogo ou diversión, tales como monopatíns ou balóns, entre outros.

Artigo 56. Prohíbese a ocupación das beirarrúas con mercadorías, materiais de construción ou calquera outro elemento que poida constituír un obstáculo, excepto autorización expresa da autoridade municipal. Prohíbese tamén a utilización das beirarrúas de xeito contrario á súa natureza (camiño de peóns), con actividades tales como montar a caballo.

Capítulo V. Autorizacións para a entrada e saída de vehículos (Vaos), e reservas de estacionamento por motivos de interese social

Artigo 57. Está suxeito a autorización municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas e outros bens de dominio e uso público municipal, impedir o estacionamento ou parada doutros vehículos no fronte polo que se leva a cabo o acceso ao inmovible, ou cando supoña, en xeral, un aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos propietarios do inmovible.

Artigo 58. Os desperfectos ocasionados en beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión do vao concedido, serán responsabilidade dos titulares, que estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade municipal competente e dentro do prazo que para o efecto se outorgue, e o incumprimento da cal dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 59. A parada ou estacionamento diante dunha zona de acceso delimitada e amparada por unha autorización de vao, calquera que fose a clase deste e, no seu caso, dentro do horario amparado pola autorización, implicará unha infracción administrativa, e habilitará á Policía Local para ordear a retirada do vehículo infractor..

Artigo 60. As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:

- 1) Por ser destinadas a fins distintos para os que foron outorgadas, como é, entre outros casos, o uso como zona de carga e descarga.
- 2) Por desaparecer as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.
- 3) Por non aboar a taxa ou exacción municipal correspondente.
- 4) Por incumprir as condicións relativas aos horarios ou carecer da sinalización adecuada.
- 5) Por causas motivadas e relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.



CONCELLO DE OLEIROS

A revocación dará lugar á obriga do titular de retirar a sinalización e repoñer no seu caso o bordo da beirarrúa ao seu estado inicial.

Artigo 61. Cando se solicite polo seu titular a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que se posuía por deixar de usar o local como aparcadoiro, deberase igualmente suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada e repoñer no seu caso o bordo da beirarrúa para deixalo no seu estado inicial. Despois da comprobación do cumprimento destes requisitos polos servizos municipais correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

Artigo 62. A autoridade municipal poderá reservar estacionamento atendendo a razóns de utilidade ou interese pública ou interese social.

Artigo 63. O estacionamento e/ou reserva para discapacitados requerirá a posesión da correspondente tarxeta de autorización expedida de acordo coa normativa vixente. Solicitarase polo interesado a reserva desta natureza e o Concello, logo da comprobación das condicións que sexan precisas para a obtención desta reserva a través do servizo municipal competente e o informe da Policía Local sobre a idoneidade da reserva solicitada, resolverá autorizando o emplazamento ou desestimando a solicitude de non estar xustificada o pedimento. En todo caso só poderá facerse uso deste tipo de estacionamento no caso de vehículos que teñan a condición de vehículos adaptados para a súa utilización por minusválidos, e sempre e cando sexan estas persoas as que os conduzan.

Capítulo VI. Publicidade na vía pública

Artigo 64. A publicidade en vía pública queda prohibida, sendo necesaria autorización da autoridade municipal competente para exercer esta actividade (ocupación). En todo caso respectarase o establecido na Ordenanza municipal de limpeza no tocante aos supostos nos que se pode obter o permiso e realizar publicidade.

Agás os casos previamente autorizados, e con independencia da mensaxe que conteña, queda prohibida a publicidade, ben sexa mediante a utilización de vehículos portadores de carteleiras, ou publicidade estática nas beirarrúas e inmediacións da calzada, así coma en elementos como árbores, farolas, mobiliario urbano en xeral e aqueles que estean afectos ao tráfico. O Concello poderá retirar os elementos publicitarios que non contén con autorización e reclamar o custo da retirada ao promovente da publicidade irregular.

Queda prohibido o emprego de dispositivos sonoros con fins de propaganda, reclamo, aviso ou distracción, agás nos supostos de alarma, urxencia ou especial significación cidadá.

Capítulo VII. Transportes

Sección 1. Transporte escolar e de menores

Artigo 65. Para os efectos desta ordenanza, entenderase como transporte escolar e de menores o cualificado así na lexislación estatal ou autonómica correspondente.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 66. A prestación do servizo de transporte escolar e de menores dentro do termo municipal estará suxeito á obtención das autorizacións correspondentes da administración que no caso sexa competente.

Artigo 67. Terán que solicitar, nos termos que indique a normativa reguladora, a autorización municipal as persoas físicas ou xurídicas titulares dos vehículos ou do servizo, quen achegarán coa instancia a documentación requirida pola lexislación vixente e, en caso do transporte escolar, o itinerario que propoñan, as paradas que pretendan efectuar e as matrículas de identificación dos vehículos que fagan o servizo. Non se poderán realizar paradas fóra das que se autoricen.

Artigo 68. A autorización só será válida para o curso escolar correspondente, e terase que solicitar unha nova autorización para calquera modificación das condicións en que aquela foi outorgada inicialmente.

Artigo 69. De todas as autorizacións citadas nos parágrafos anteriores, deberase dar conta á Policía local, para o seu coñecemento, fiscalización e efectos.

Artigo 70. Non se poderá permanecer nas paradas máis tempo que o necesario para recoller ou deixar pasaxeiros, e en ningún caso quedan habilitadas para estacionar o vehículo de transporte público.

Sección 2. Paradas de transporte público

Artigo 71. O departamento municipal competente en materia de circulación determinará os lugares onde terán que situarse as paradas de transporte público.

Artigo 72. Non se poderá permanecer nas parada máis tempo do necesario para recoller ou deixar aos pasaxeiros, excepto naquelas sinaladas como orixen e final de liña. De igual maneira, tampouco se poderá parar para tomar ou deixar viaxeiros fóra dos lugares onde se encontren establecidas as paradas. En ningún caso quedan habilitadas as paradas para estacionar os vehículos.

Artigo 73. Nas paradas destinadas ao servizo de taxi, os vehículos deste servizo poderán permanecer nelas unicamente en espera de viaxeiros.

Artigo 74. En ningún momento o número de vehículos adscritos ao servizo de taxi poderá superar a capacidade da parada.

Sección 3. Transportes especiais e de mercadorías perigosas

Artigo 75. Os transportes realizados con vehículos con peso ou dimensión superior aos autorizados regulamentariamente terán a consideración de transportes especiais e non poderán circular polas vías públicas urbanas do municipio sen autorización do departamento municipal correspondente logo de informe da Policía local.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 76. As autorizacións indicadas no punto anterior, poderán ser para unha soa viaxe ou para un determinado período, indicándose datas, percorridos e horarios.

Artigo 77. Naquelas zonas do municipio en que se atope restrinxida a circulación, en canto ao peso e/ou dimensións dos vehículos, será preceptivo estar en posesión da correspondente autorización municipal para circular por elas, da cal se deberá dar conta á Policía local. No caso de que se circulase sen permiso sancionárase ao responsable.

Artigo 78. As autorizacións estendidas para a realización de transportes especiais poderán dar lugar á exacción da taxa fiscal correspondente.

Artigo 79. Compete ao Concello ditar normas, conceder permisos e exercer a vixilancia, control, inspección e comprobación dos transportes de mercadorías perigosas dentro do seu termo municipal e no que puidese afectar á seguridade, salubridade ou benestar dos seus cidadáns. Todo isto a salvo e sen prexuízo das atribucións que lle corresponden á administración estatal e autonómica de acordo co establecido na legislación vixente.

Artigo 80. Enténdese por mercadorías perigosas todas aquelas materias, substancias e elementos que contempla a normativa estatal ou autonómica sobre mercadorías perigosas.

Artigo 81. O transporte de calquera tipo de mercadorías perigosas que teña que utilizar vía urbana ou interurbana no termo municipal, requirirá os permisos de carácter estatal ou, de ser o caso, autonómico, que a vixente lexislación esixe en cada caso.

Artigo 82. Para o transporte de mercadorías perigosas dentro de termo municipal, o Concello poderá fixar unha vía para o tránsito destes tipos de transporte para acudir ao seu destino, adoptando cantas medidas precautorias se consideren necesarias, a xuízo dos sevizos técnicos municipais, co obxecto de reducir os riscos ao mínimo, establecendo o calendario, horario, percorrido por onde deberá circular o vehículo, cortes de tráfico, acompañamento da Policía local e, de ser o caso, do persoal e material conveniente do servizo de extinción de incendios.

Artigo 83. Queda prohibida a detención de calquera tipo de vehículo de transporte de mercadorías perigosas, tanto se se vaciou como cargado, en calquera vía pública urbana do termo municipal. Exceptuáanse o estacionamento, logo da súa autorización, en zonas que serán especialmente sinalizadas durante a operación de carga e descarga, e unicamente durante o tempo mínimo necesario para realizar estas operacións.

Artigo 84. Os transportes de mercadorías perigosas que circulen polo termo municipal ou necesiten realizar calquera actividade dentro del deberán estar habilitados polo correspondente permiso municipal outorgado pola autoridade municipal competente en materia de circulación, logo do informe do departamento competente en materia de Protección Civil.

Artigo 85. A autoridade competente para a autorización dos transportes de mercadorías perigosas remitirá copia do permiso á Policía local, para o seu coñecemento.



CONCELLO DE OLEIROS

Título III. Emisións de ruídos e gases, e vehículos abandonados

Artigo 86. Co fin de protexer debidamente a calidade ambiental do municipio, o Concello poderá delimitar zonas, que, por motivos de interese natural ou outros de interese público, ou vías nas que, de forma permanente ou a determinadas horas da noite, quede prohibida ou limitada a circulación dalgunha ou de todas as clases de vehículos.

Capítulo I. Ruídos emitidos polos vehículos

Artigo 87. Os vehículos que circulen polo termo municipal deberán corresponder a tipos homologados con anterioridade no que se refire ao ruído emitido polos mesmos, quedando prohibida a súa circulación en caso contrario. De acordo coa normativa vixente, o nivel de ruído dos vehículos considerárase admisible sempre que non se pasen os límites establecidos para cada tipo na súa homologación, debéndose aplicar así mesmo os métodos de medición previstos na mencionada normativa.

Artigo 88. Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, transmisión, carrozaría e demais elementos capaces de producir ruídos e vibracións e, en especial, o dispositivo silenciador dos gases de escape, singularmente no caso dos ciclomotores e motocicletas, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo, ao circular ou co motor en marcha, non exceda dos límites establecidos.

Artigo 89. Os vehículos a motor deberán circular con elementos silenciadores homologados.

Artigo 90. Prohíbese a circulación de vehículos que por exceso de carga emitan ruídos que superen os límites regulamentarios.

Dentro da zona urbana queda ademais prohibido o uso dos sinais acústicos dos vehículos, excepto en casos de inminente perigo de atropelo ou colisión, ou cando se trate de servizos públicos de urxencia ou privados en situación de auxilio urxente a persoas.

Prohíbese tamén a incorrecta utilización ou conducción de vehículos que dea lugar a ruídos innecesarios ou molestos, como é a utilización de megafonía (agás que conte con autorización administrativa expresa), ou outro sistema de publicidade sonoro, ou o excesivo volume dos dispositivos de radio dos vehículos.

Capítulo II. Gases emitidos polos vehículos

Artigo 91. Os vehículos que circulen polo termo municipal deberán corresponder a tipos homologados no que se refire aos gases emitidos polos mesmos. De acordo coa normativa vixente, o nivel de gases dos vehículos considerárase admisible sempre que non se pasen os límites establecidos para cada tipo na súa homologación, debéndose aplicar así mesmo os métodos de medición previstos nesta normativa.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 92. Todo vehículo de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor e demais elementos capaces de producir gases, co fin de que o nivel dos mesmos emitidos polo vehículo, ao circular ou co motor en marcha, non excedan dos límites establecidos.

Artigo 93. Prohíbese a circulación de vehículos que emitan gases que superen os límites regulamentarios.

Prohíbese tamén a incorrecta utilización ou a condución de vehículos que dea lugar a emisións de gases innecesarios ou molestos, aínda cando o seu nivel de emisión quede dentro dos límites máximos admisibles.

Capítulo III. Vehículos abandonados

Artigo 94. Considéranse vehículos abandonados aqueles que reúnen os requisitos establecidos na lexislación vixente. A autoridade municipal poderá resumir razoablemente que un vehículo se encontra en situación de abandono nos seguintes casos:

- a) Cando transcurran máis de dous meses desde que o vehículo fora depositado tras a retirada da vía pública pola autoridade competente.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula. Neste caso, terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente.

Cando un axente da Policía local detecte estacionado nunha vía pública un vehículo que cumpre calquera das condicións establecidas no apartado b), tomará nota exacta do lugar, día e hora en que foi observado e pasado o tempo descrito no citado apartado, o denunciara por infracción a esta ordenanza, podendo ser retirado ao depósito habilitado para o efecto.

No suposto contemplado no apartado a) e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan as placas de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, se requerirá a este, unha vez que transcurran os correspondentes prazos, para que no prazo de 15 días retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que en caso contrario, se procederá ao seu tratamento como residuo sólido urbano.

A retirada e os requerimentos lexítimos de retirada aos propietarios de vehículos abandonados realizaranse tendo en conta disposto tamén na Ordenanza municipal de limpeza do Concello.

Artigo 95. Prohíbese o estacionamiento dentro do termo municipal de vehículos abandonados.

Título IV. Zonas con regulación circulatoria específica

Capítulo I. Zonas peonís



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 96. A administración municipal poderá ordear o peche da circulación rodada, parcial ou totalmente, con carácter provisional ou definitivo, daquelas vía públicas ou de uso público que se estimen oportunas.

En todo caso, queda prohibido circular con todo tipo de vehículos polo interior de parques, prazas públicas, zonas axardinadas, praias e demais lugares destinados ao ocio e goce dos viandantes. De igual maneira, queda prohibido que estes vehículos circulen utilizando as beirarrúas ou os pasos elevados destinados aos peóns.

Artigo 97. As áreas peonís que se desenvolven nas vías públicas deberán estar provistas da oportuna sinalización á entrada e saída; sinalización que se complementará de ser o caso con elementos móbiles que impidan o acceso e circulación de vehículos polo interior da zona afectada, agás nos supostos nos que a súa condición sexa evidente polo seu deseño, estrutura, ornamentación ou pavimentación.

Artigo 98. Nas áreas peonís desenvolvidas nas vías públicas a prohibición de circulación e estacionamento poderá:

- a) Comprender a totalidade das vías que estean delimitadas polo seu perímetro ou únicamente algunhas.
- b) Limitarse ou non a un horario preestablecido.
- c) Ser de carácter fixo ou referirse soamente a determinados días da semana.

Artigo 99. Calquera que sexa a limitación establecida, non afectará á circulación e ou estacionamento dos seguintes vehículos:

- a) Os que realicen labores de carga e descarga, dentro do horario e os lugares para o efecto habilitado.
- b) Os vehículos de urxencia e de servizo público, mentres estean realizando servizos desta natureza.
- c) Os vehículos autorizados e que se atopen en posesión da correspondente tarxeta expedida polo departamento competente en materia de circulación.

Artigo 100. Por resolución da alcaldía poderase complementar o réxime das zonas peonís, logo do informe que ao efecto elabore a Unidade de Tráfico da Policía Local..

Capítulo II. Carrís bici

Artigo 101. O Concello poderá establecer carrís para a circulación exclusiva de bicicletas, os cales estarán debidamente sinalizados.

Artigo 102. Por estes carrís está prohibido expresamente entablar competicións que non foran anteriormente autorizadas e circular coas bicicletas a velocidade excesiva ou facelo de forma imprudente e irresponsable.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 103. As bicicletas circularán pola súa dereita segundo o sentido da marcha e deberán ceder o paso a outras bicicletas que saian pola súa dereita nos cruzamentos sen sinalizar ou sen preferencia de paso, cambios de dirección e sentido. Igualmente deberán respectar a sinalización vertical e horizontal que a autoridade municipal dispoña nos carrís bici. Cando vaian a adiantar a outra bicicleta, o farán pola esquerda e coa precaución precisa para non colisionar coa que vai ser adiantada ou a que no seu caso o faga en sentido contrario.

Artigo 104. Por estes carrís queda prohibida a circulación, parada e estacionamento de todo tipo de vehículos de motor, motocicletas, ciclomotores, minimotos, monopatíns, patinetes autopropulsados e todo elemento móbil distinto ás bicicletas.

Artigo 105. Os peóns deberán cruzar estes carrís polos pasos peonís que nos mesmos se sinalicen, e non poderán transitar polos carrís.

Artigo 106. Como norma xeral, os carrís para bicicletas non atravesarán zonas peonís ou parques públicos. Non obstante, se se dispuxese o contrario, as bicicletas se adecuarán ás circunstancias da vía, extremando a súa precaución cando o carril bici atravesara estas zonas.

Capítulo III. Zonas especiais

Artigo 107. A alcaldía poderá establecer e delimitar cantas zonas considere necesarias co fin de delimitar, prohibir, así como regular a circulación dentro do termo municipal. Dentro da regulación circulatoria atópase a medida de establecer un marco físico onde a velocidade máxima a empregar polos vehículos sexa de 30 km/h ou emplazamentos onde o tráfico rodado non pode realizarse por vehículos que superen un determinado peso, entre outras limitacións. As resolucións que acorden o establecemento das zonas especiais e as súas particularidades circulatorias adoptaranse previo informe da Unidade de Tráfico da Policía Local.

Entenderase como zonas especiais aquelas que se establezan con motivo de seguridade, saúde pública, limitación de tráfico, realización de actos diversos, deportivos, festivos, culturais, obras etc.

Dende o punto de vista das características físicas da zona, consideraranse zonas especiais, e poderánse fixar pola alcaldía, logo do informe da Unidade de Tráfico da Policía Local, medidas específicas que limiten ou impidan o acceso de vehículos a motor nos espazos naturais protexidos.

Título V. Réxime sancionador

Capítulo I. Medidas cautelares

Sección 1. Inmobilización de vehículos

Artigo 108. 1. A Policía Local poderá inmovilizar os vehículos cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos desta ordenanza ou normas de aplicación subsidiaria, da súa utilización poida derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens.



CONCELLO DE OLEIROS

A inmovilización terá lugar tamén nos supostos seguintes:

- a) Cando o conductor do vehículo se negue a someterse ás probas de detección de posible intoxicación por alcohol ou drogas, ou se o resultado das mesmas superase os límites regulamentariamente establecidos.
- b) Cando o vehículo exceda da altura, lonxitude ou ancho regulamentariamente autorizado ou non estea homologado.
- c) Cando o conductor careza de permiso de condución ou o que leve non sexa válido, a non ser que neste último caso acredite a súa personalidade e domicilio e manifeste ter permiso válido.
- d) Cando o conductor careza de permiso de circulación do vehículo ou autorización que o substitúa ben porque non a obtivera ou porque fora obxecto de anulación ou declarada a súa perda de vixencia.
- e) No suposto de malestar físico do conductor que lle impida levar o vehículo nas debidas condicións de seguridade.
- f) Cando polas condicións externas do vehículo se considere que constitúe perigo para a circulación ou produza danos na calzada.
- g) Cando o vehículo circule con carga superior á autorizada ou a súa colocación exceda en altura ou anchura ás permitidas regulamentariamente.
- h) Cando a ocupación do vehículo supoña aumentar nun 50% as prazas autorizadas, excluído o condutor.
- i) Cando as posibilidades de movemento ou o campo de visión do conductor resulten sensible e perigosamente diminuídos polo número ou posición dos viaxeiros ou pola colocación dos obxectos transportados.
- j) Cando o infractor non acredite a súa residencia habitual en territorio español, excepto se deposita o importe da sanción.
- k) Cando o vehículo careza de iluminación regulamentaria ou non funcione nos casos en que a súa utilización sexa obligatoria.
- l) Cando se careza do seguro obligatorio de vehículo.
- m) Cando o conductor dunha motocicleta ou ciclomotor circule sen casco homologado, ata que corrixa a deficiencia.
- n) Cando a emisión de fumes e gases ou a produción de ruídos excedan dos límites autorizados pola lexislación vixente.
- o) Cando o vehículo fora obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.
- p) Cando se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso, que sexan superiores ao 50% dos regulamentariamente establecidos.
- q) Cando existan indicios de calquera manipulación nos instrumentos de control.

2. Os gastos establecidos mediante taxa para o efecto, que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá aboalos ou garantir o seu pagamento como requisito anterior a levantar tal medida, sen prexuízo do dereito de defensa que lle asiste e da posibilidade de repercutilo sobre a persoa responsable que dera lugar a que a administración adopte esta medida.



CONCELLO DE OLEIROS

3. Cando con motivo dunha infracción o infractor non acredite a súa residencia legal en territorio español o axente denunciante fixará provisioalmente a contía da multa e, de non depositarse o seu importe, inmovilizará o vehículo. En todo caso, terase en conta a redución do 30%.

4. A inmovilización realizarase ben por medio físicos ou mediante levantamento de acta para tal fin, e non se levantará ata tanto queden corrixidas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo.

5. A inmovilización levarase a cabo na vía pública sempre e cando exista lugar adecuado e seguro e sen que obstaculice a circulación de vehículos ou persoas. Nese caso o vehículo quedará baixo a responsabilidade do conductor infractor ou propietario.

Sección 2. Retirada de vehículos e obxectos

Artigo 109. A Policía local poderá ordenar a retirada dun vehículo da vía pública e o seu traslado ao depósito municipal, cando se atope estacionado nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) En lugares onde constituía un perigo.
- b) Se perturba gravemente a circulación de peóns ou vehículos.
- c) Se obstaculiza ou dificulta o funcionamento dalgún servizo público.
- d) Se ocasiona perdas ou deterioro do patrimonio público.
- e) Se se atopa en situación de abandono.
- f) Nos carrís ou partes das vías reservadas exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril-bus, carril-taxi, paradas, vaos, discapacitados físicos etc.).
- g) En caso de accidente que impida continuar a marcha.
- h) Nun estado de deterioro tal que obrigara a súa anterior inmovilización.
- i) Cando procedendo legalmente á inmovilización do vehículo, non existira lugar adecuado para practicar a mesma sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.
- j) En espazos reservados a servizos de seguridade ou urxencias.
- k) Cando se trate de vehículos destinados ao transporte de viaxeiros ou de mercadorías con masa máxima autorizada (MMA) superior a 3.500 k; os remolques e caravanas, autocaravanas, semirremolques, carromatos, góndolas de transporte, contedores de camións e asimilados, separados do vehículo a motor ou cabina, e se atopen estacionados en lugares non permitidos.
- l) Cando se trate de caravanas, autocaravanas, remolques e semirremolques que se atopen estacionadas por un período superior ás 48 horas.
- m) Cando se faga en batería sen sinais que habiliten esta posibilidade.
- n) Cando se estacione en liña, se o estacionamento deba facerse en batería conforme á sinalización existente.
- o) Cando o vehículo permaneza estacionado na vía pública para a súa venda ou aluguer ao con fins fundamentalmente publicitarios, ou dende o que se proceda a efectuar actividades ilícitas como a venda ambulante non autorizada ou o ofrecemento de produtos.
- p) Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento de residentes ou con limitación horaria sen a exhibición en lugar visible do vehículo do distintivo válido ou a



CONCELLO DE OLEIROS

acreditación do pagamento da taxa correspondente, ou cando colocado o distintivo se supere o tempo máximo de estacionamento autorizado polo título exhibido.

- q) En calquera outro suposto previsto na lei ou nesta ordenanza, singularmente cando se incumpra o disposto sobre os estacionamentos.

Artigo 110. Considerarase que un vehículo se atopa estacionado orixinando unha situación de perigo para o resto de peóns e condutores cando se efectúe:

- a) Nas curvas ou cambios de rasante.
- b) Nas interseccións de rúas e as súas proximidades, producindo unha diminución da visibilidade.
- c) Nos lugares nos que se impida a visibilidade dos sinais de circulación.
- d) De maneira que sobresaia do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ao resto de condutores a variar a súa traxectoria, ou dificultando o xiro dos vehículos.
- e) Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretemento durante as horas de apertura dos mesmos.
- f) Na calzada, fóra dos lugares permitidos.
- g) Nas medianas, separadores, illas ou outros elementos de canalización do tráfico.

Artigo 111. Entenderase que o vehículo se atopa estacionado en lugar que perturba gravemente a circulación de peóns e vehículos nos seguintes casos:

- a) Cando estea prohibida a parada.
- b) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal continua sexa inferior a tres metros, ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.
- c) Cando obstaculice a saída ou acceso a un inmovible a través dun vao.
- d) Cando se impida a incorporación á circulación doutro vehículo correctamente estacionado.
- e) Cando se atope estacionado en dobre fila sen condutor.
- f) Cando invada carrís ou parte das vías reservadas exclusivamente para a circulación ou para o servizo dos demais usuarios.
- g) Cando se atope estacionado nos pasos de peóns e de discapacitados físicos e nos pasos e carrís para ciclistas ou nas súas proximidades.
- h) Cando se atope estacionado na beirarrúa, en illas peonís e demais zonas reservadas aos peóns.
- i) Cando se atope estacionado en zonas reservadas para discapacitados físicos.

Artigo 112. O estacionamento obstaculizará o funcionamento dun servizo público cando teña lugar:

- a) Nas paradas reservadas aos vehículos de transporte público.
- b) Nos carrís reservados á circulación de vehículos de transporte público.
- c) Nas zonas reservadas para a colocación de colectores de residuos sólidos urbanos, hidrantes e calquera outro tipo de mobiliario urbano.
- d) Nas saídas reservadas a servizos de urxencia e seguridade.
- e) Nas zonas de carga e descarga, sen autorización.



CONCELLO DE OLEIROS

Artigo 113. Entenderase que o estacionamento orixina perda ou deterioro do patrimonio público cando se efectúa en xardíns, sebes, zonas arborizadas, fontes e outras partes da vía destinadas ao ornato e decoro do municipio. Nestes casos, de causarse perda aos bens públicos, responderá o titular do vehículo ou conductor das mesmas.

Artigo 114. Unha vez que se retiren, os vehículos serán conducidos ao lugar de depósito autorizado dando coñecemento desta circunstancia aos seus titulares.

Coas excepcións legalmente previstas, os gastos establecidos na taxa para o efecto, que se orixinen como consecuencia da retirada do vehículo e a súa estancia no depósito municipal serán por conta do titular, que terá que pagalos ou garantir o pagamento como requisito anterior á devoción do vehículo, sen prexuízo do dereito de interposición do recurso que lle aista. Por outro lado, a retirada do vehículo só poderá facela o titular ou persoa autorizada.

Artigo 115. A retirada do vehículo suspenderase inmediatamente se o condutor comparece antes de que o guindastre iniciara a súa marcha co vehículo enganchado, e toma as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se atopaba, aboando as taxas correspondentes do enganche.

Artigo 116. Serán retirados inmediatamente da vía pública pola autoridade municipal todos aqueles obxectos que se atopen na mesma e non haxa persoa algunha que se faga responsable dos mesmos, os cales serán trasladados ao depósito municipal. De igual forma actuarase no caso de que o obxecto entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos, así como se o seu propietario se negara a retiralo de inmediato, sen prexuízo de requerirle posteriormente as responsabilidades nas que incorrese.

Sección 3. Traslado ou movemento de vehículos

Artigo 117. Aínda cando se atopen correctamente estacionados, a Policía local poderá, ben retirar os vehículos da vía pública, ou ben proceder ao seu traslado, nas situacións seguintes:

- a) Cando se atopen estacionados en lugares nos que estea previsto a realización dun acto público debidamente autorizado, e se houberse colocado por parte da Policía Local sinalización ou avisos facendo constar esta circunstancia con 48 horas de antelación.
- b) Cando se atopen estacionados en zonas onde se prevea a realización de labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.
- c) En caso de emerxencia.
- d) Cando un vehículo se atope indebidamente estacionado como consecuencia de calquera cambio de ordenación do tráfico.

O Concello deberá advertir coa antelación suficiente as referidas circunstancias mediante a colocación dos avisos necesarios cun prazo de 48 horas de antelación, excepto no caso nos que as actuacións requiran unha inmediatez absoluta pola súa natureza.



CONCELLO DE OLEIROS

Capítulo II. Da responsabilidade

Artigo 118. 1. A responsabilidade das infraccións polo disposto na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridad viaria e regulamentos de desenvolvemento, así coma ás da presente disposición recaerá directamente no autor do feito en que consiste a infracción, excepto no suposto dos pasaxeiros dos vehículos que estean obrigados a utilizar o casco de protección nos casos e as condicións que regulamentariamente se determinen, en que a responsabilidade pola infracción recaerá no conductor.

Cando sexa declarada a responsabilidade polos feitos cometidos por un menor de 18 anos, responderán solidariamente por el os seus pais, titores, acolletores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obriga imposta aos mesmos que conleva un deber de prever a infracción administrativa que se imputa aos menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta que poderá ser moderada pola autoridade sancionadora. De acordo co artigo 72.1 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, cando se trate de infraccións leves a menores de idade, con consentimento poderá substituírse a sanción económica da multa por outras medidas tamén reeducadoras, establecidas pola autoridade sancionadora.

2. O titular que figure no Rexistro de vehículos será en todo caso responsable polas infraccións relativas á documentación do vehículo, as relativas ao estado de conservación, cando as deficiencias afecten a condicións de seguridade do vehículo e polas derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.

3. O titular ou o arrendatario do vehículo debidamente requerido para isto, ten o deber de identificar ao conductor responsable da infracción e, de incumprir esta obriga no trámite procesal oportuno sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor de falta grave.

Nos mesmos termos responderá o titular do vehículo cando non sexa posible notificar a denuncia ao conductor que aquel identifique por causa imputable a este titular.

As empresas de aluguer sen conductor a corto prazo acreditarán o cumprimento da obriga legal de identificar ao conductor responsable da infracción mediante a remisión ao órgano instrutor correspondente dun duplicado ou copia do contrato de arrendamento onde quede acreditado o concepto de conductor da persoa que figure no contrato.

Capítulo III. Infraccións e sancións

Artigo 119. As accións ou omisións contrarias aos preceptos recollidos nesta Ordenanza serán constitutivas da infracción que, mediante a instrución do correspondente procedemento sancionador, se sancionará de conformidade co cadro de infraccións e sancións anexo á presente ordenanza, todo elo con respecto ao exercicio da competencia que lle corresponda aos tribunales de xustiza para o caso da comisión de delitos ou faltas tipificadas nas leis penais. A alcaldía queda



CONCELLO DE OLEIROS

facultada para o desenvolvemento do cadro de infraccións que se poden sancionar por ser constitutivos de infraccións ao disposto na presente Ordenanza.

Artigo 120. Aquelas accións ou omisións á normativa de tráfico e seguridade viaria, e as contempladas na presente ordenanza, tramitaranse de conformidade co disposto no Real decreto lixislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; no Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado antes citado, e demais normativa concordante, aplicándose como procedemento sancionador o recollido no Real decreto 320/1994, de 25 de febreiro, e supletoriamente o Real decreto 1398/1994, de 4 de agosto, do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, ou outras normas que legalmente substitúan ás citadas.

Artigo 121. 1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade co previsto na Lei de seguridade viaria.

2. Son infraccións leves as cometidas contra as normas contidas na Lei de seguridade viaria e os seus regulamentos de desenvolvemento, xunto xoas cometidas contra as normas desta Ordenanza que así se califiquen ou que non revistan o carácter de graves ou moi graves nos apartados seguintes.

3. Son infraccións graves as condutas tipificadas na Lei de seguridade viaria referidas a:

- a) Incumprir as disposicións da lei en materia de limitacións de velocidade, salvo que supere o límite establecido no apartado 4.c) deste artigo, prioridade de paso, adelantamentos, cambios de dirección e de sentido e marcha atrás.
- b) Paradas e estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente a circulación constituíndo un risco ou obstáculo para a circulación, especialmente de peóns.
- c) Circular sen o alumeado regulamentario en situacións de falta ou diminución da visibilidade ou producindo deslumbramento a outros usuarios da vía e naqueles outros supostos nos que o seu uso sexa obrigatorio.
- d) A realización e sinalización de obras na vía sen permiso, e a retirada ou deterioro da sinalización permanente ou ocasional.
- e) Conducir utilizando dispositivos incompatibles coa obrigatoria atención permanente na conducción.
- f) Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparatos receptores ou reprodutores de sonido, o uso durante a conducción de dispositivos de telefonía móbil, así como calquera outro medio ou sistema de comunicación que implique o seu uso manual.
- g) Conducir vehículos que teñan instalados mecanismos ou sistemas encaminados a eludir a vixilancia dos axentes da autoridade.
- h) Conducir un vehículo ou circular os seus ocupantes sen facer uso do cinturón de seguridade, o casco e demais elementos de protección ou dispositivos de seguridade de uso obrigatorio.
- i) Circular con menores de 12 anos como pasaxeiros de ciclomotor ou motocicletas, agás as excepcións regulamentarias.
- j) Non respectar os sinais dos axentes que regulan a circulación.



CONCELLO DE OLEIROS

- k) Non respectar a luz vermella dun semáforo.
- l) Non respectar un sinal de stop.
- m) Que o adquirente dun vehículo non solicite a renovación do permiso ou licenza de circulación cando varíe a súa titularidade rexistral, no prazo establecido regulamentariamente.
- n) Conducir un vehículo sendo titular dunha autorización de conducción que carece de validez por non haber cumprido os requisitos administrativos esixidos regulamentariamente.
- o) Conducción negligente.
- p) Arrojar á vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios, accidentes de circulación ou perxudicar ao medio natural.
- q) Non facilitar a súa identidade nin os datos do vehículo solicitados polos afectados nun accidente de circulación, estando implicado no mesmo.
- r) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas regulamentariamente establecidas, agás que estivesen incluídas no apartado 4.l) deste artigo, así como as infraccións relativas ás normas que regulan a inspección técnica de vehículos.

4. Son infraccións moi graves, cando non sexan constitutivas de delicto, as condutas tipificadas na Lei de seguridade viaria referidas a:

- a) A conducción polas vías habendo inxerido bebidas alcohólicas con taxas superiores ás establecidas regulamentariamente, e, en todo caso, a conducción baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e calquera outra substancia con efectos análogos.
- b) Incumprir a obriga de todos os condutores de vehículos de someterse ás probas que se establezan para a detección de posibles intoxicacións de alcohol, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias análogas, e a dos demais usuarios da vía cando se atopen implicados nalgún accidente de circulación.
- c) Sobrepassar en máis dun 50 % a velocidade máxima autorizada, sempre que elo supoña superar alo menos en 30 km por hora dito límite máximo.
- d) A conducción manifestamente temeraria.
- e) A ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 % as prazas autorizadas, excluída a do conductor con excepción dos autobuses de líneas urbanas e interurbanas.
- f) A circulación en sentido contrario ao establecido.
- g) As competicións e carreiras non autorizadas entre vehículos.
- h) O exceso en máis do 50 % nos tempos de conducción ou a minoración en máis do 50 % dos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transporte terrestre.
- i) O incumprimento polo titular ou o arrendatario do vehículo co que se cometera a infracción da obriga de identificar verazmente ao conductor responsable da devandita infracción cando sexan debidamente requiridos para elo e non exista causa xustificada que o impida.
- j) A conducción dun vehículo sen ser titular da autorización administrativa correspondente.
- k) Circular cun vehículo non matriculado ou carecendo das autorizacións administrativas correspondentes, ou que éstas non teñan validez por non cumprir os requisitos esixidos regulamentariamente.
- l) Circular cun vehículo que incumpra as condicións técnicas que afecten gravemente á seguridade viaria.



CONCELLO DE OLEIROS

- m) Incumplir as normas regulamentariamente establecidas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de ensinanza e formación sobre coñecementos e técnicas necesarios para a conducción.
- n) Incumplir as normas regulamentariamente establecidas sobre o réxime de autorización e funcionamento dos centros de recoñecemento de condutores.
- o) Incumplir as normas regulamentariamente establecidas que regulan as actividades industriais que afectan de maneira directa á seguridade viaria.
- p) Circular en posición paralela con vehículos expresamente prohibidos para elo.

Artigo 122. As infraccións que pudieran cometerse contra o disposto na presente Ordenanza e normas subsidiarias, serán sancionadas coas multas previstas no artigo 67 do Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, modificada pola Lei 17/2005, de 19 de xullo: as infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 90 euros; as graves con multa de 91 euros a 300 euros; e as moi graves de 301 euros a 600 euros.

Artigo 123. Os expedientes iniciados por infraccións graves ou moi graves, que poidan levar consigo a suspensión da licenza ou permiso de conducir, unha vez que adquiren firmeza, remitiranse á Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, para que, se procede, imponha a suspensión de acordo coa normativa vixente. Igual medida adoptárase no caso de infraccións que poidan levar aparelladas a perda de puntos do permiso ou licenza de conducir, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 17/2005, de 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de conducción por puntos e se modifica o Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Artigo 124. As sancións de multa poderán facerse efectivas cunha redución do 30% sobre a contía correspondente que se consignara correctamente no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior desta denuncia realizada polo instructor do expediente, sempre que este pagamento se leve a cabo durante os 30 días naturais seguintes a aquel no que teña lugar a citada notificación. O aboamento anticipado coa redución anteriormente sinalada, excepto cando proceda imponer ademais a medida de suspensión do permiso ou da licenza de conducir, implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa, sen prexuízo da posibilidade de interponer os recursos correspondentes.

Artigo 125. As multas deberán facerse efectivas aos órganos de recadación da administración xestora, directamente ou a través de entidades bancarias ou de crédito concertadas, dentro dos quince días hábiles seguintes á data en que sexan notificadas logo da resolución que poña fin á vía administrativa, en voluntaria. Transcorrido este prazo sen efectuarse o ingreso, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de prema.

Capítulo IV. Procedemento sancionador

Artigo 126. Regularase polo Real decreto 320/1994, de 25 de febreiro, modificado parcialmente polo Real decreto 318/2003, de 14 de marzo, polo que se aproba o procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Supletoriamente se aplicará



CONCELLO DE OLEIROS

o Real decreto 1398/1994, de 4 de agosto, do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, ou outras normas que legalmente a substitúan.

Será competencia da alcaldía, e pola súa delegación do concelleiro en quen puidera delegar, a imposición das sancións por infracción aos preceptos contidos na presente ordenanza.

Artigo 127. As denuncias dos axentes da Policía local, cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación viaria, terán valor probatorio, sen prexuízo do deber de aqueles de achegar todas as probas que sexan posibles sobre os feitos da denuncia e sen prexuízo, así mesmo, das probas que na súa defensa poidan achegar ou designar os denunciados.

Artigo 128. Calquera persoa poderá formular denuncia das infraccións aos preceptos da presente ordenanza que puidera observar. Neste caso, a denuncia non terá presunción de veracidade.

Artigo 129. Nas denuncias que se formulen, tanto a requirimento como de oficio, deberá constar necesariamente:

- 1) A identificación do vehículo co que se cometeu a presunta infracción.
- 2) A identidade do condutor, se esta fose coñecida.
- 3) Unha relación circunstanciada do feito que se denuncia, con indicación do lugar, data e hora da suposta infracción.
- 4) Nome e domicilio do denunciante, datos estes que poderán ser substituídos polo seu número de identificación profesional cando a denuncia fose formulada por un axente da Policía local no exercicio das súas funcións.

Nas denuncias de carácter obligatorio, o axente denunciante entregará un exemplar ao presunto infractor, remitindo outro exemplar ao órgano instructor do expediente. O boletín de denuncia será asinado polo axente denunciante e o denunciado, sen que a sinatura deste último supoña a aceptación dos feitos que se lle imputan. No suposto de que o denunciado se negase a asinar, o axente denunciante fará constar esta circunstancia no boletín de denuncia.

Artigo 130. As denuncias de carácter voluntario poderán formularse ante o axente da Policía Local encargado da vixilancia ou regulación do tráfico que se atope máis próximo ao lugar dos feitos ou mediante escrito dirixido á Alcaldía.

Cando a denuncia se formulase ante os axentes da Policía Local, estes estenderán o correspondente boletín de denuncia no que se farán constar se puideron comprobar persoalmente a presunta infracción denunciada, así como se puideron notificala.

Artigo 131. Unha vez que se recibiu a denuncia no Concello, incoado o expediente sancionador, o órgano instructor examinará e comprobará o cumprimento dos requisitos legais establecidos, impulsando, de ser o caso, a súa ulterior tramitación.

Artigo 132. Como norma xeral, as denuncias de carácter obligatorio formuladas polos axentes da Policía Local encargados da vixilancia do tráfico notificaranse no acto aos denunciados, facendo



CONCELLO DE OLEIROS

constar os datos que sinala o artigo 129, así como que con elas quedan iniciados os correspondentes expedientes, e que dispoñen dun prazo de quince días para que aleguen canto estimen conveniente e propoñan as probas que crean pertinentes.

Será causa legal que xustifique a notificación da denuncia en momento posterior, o feito de formularse a mesma en momentos de gran intensidade de circulación ou concorrendo factores meteorolóxicos adversos, obras ou outras circunstancias en que a detención do vehículo tamén poida orixinar un risco concreto. Así mesmo, a notificación da denuncia poderá efectuarse nun momento posterior cando a autoridade tivera coñecemento dos feitos a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo. Procederá tamén a notificación da denuncia en momento posterior á súa formulación, nos casos de vehículos estacionados cando o condutor non estea presente.

Artigo 133. Para os efectos de notificacións, considerarase domicilio do condutor o do titular do vehículo, aquel que expresamente se indicara e, no seu defecto, o que figure nos correspondentes rexistros de condutores e infractores e de propietarios de vehículos respectivamente.

As notificacións das denuncias que non se entreguen no acto cursaranse ao domicilio requerido no parágrafo anterior, con suxección ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 134. Os expedientes sancionadores serán instruídos polo órgano competente do Concello, que disporá a notificación das denuncias se non o fixera o axente denunciante, concedendo un prazo de quince días ao presunto infractor para que formule alegacións e propoña a práctica das probas das que intente valerse.

Das alegacións do denunciado darase traslado ao denunciante para que emita informe no prazo de quince días, excepto nos casos nos que se acheguen datos novos ou distintos dos inicialmente constatados polo denunciante.

Artigo 135. Cando fora preciso para a averiguación e cualificación dos feitos, ou para a determinación das posibles responsabilidades, o instructor acordará a apertura dun período de proba por un prazo non inferior a dez días nin superior a trinta.

Só poderán rexeitarse, mediante resolución motivada, as probas propostas polos interesados que resulten improcedentes.

Se a petición do interesado deben practicarse probas que impliquen gastos que non deba soportar a administración, esta poderá esixir o anticipo dos mesmos a reserva da liquidación definitiva que se levará a efecto unha vez que se practique a proba, unindo os comprobantes que acrediten a realidade e contía dos gastos efectuados.

Unha vez que conclúa a instrucción do procedemento e se practique a audiencia ao interesado polo órgano correspondente, excepto nos casos nos que non figure no procedemento nin se tiveran en conta na resolución outros feitos e outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, o



CONCELLO DE OLEIROS

instructor elevará proposta de resolución ao órgano que teña atribuída a competencia sancionadora para que dicte a resolución que proceda.

O acordo de iniciación dos procedementos sancionadores comunicarase ao instructor, con traslado de cantas actuacións existan ao respecto, e se notificará ao denunciante, de ser o caso, e aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao inculpado. Na notificación advertirase aos interesados que, de non efectuar alegacións e probas no prazo concedido ao efecto de quince días, o instructor elevará proposta de resolución ao órgano que teña atribuída a competencia sancionadora para que dicte a resolución que proceda.

Excepto no suposto contemplado no parágrafo anterior, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta outros feitos nin outras alegacións e probas das aducidas, de ser o caso, polo interesado de conformidade co previsto no artigo 3 e no punto 1 do artigo 16 do Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da postestade sancionadora.

Artigo 136. A resolución do expediente deberá ser notificada no prazo dun ano contado desde que se iniciou o procedemento e decidirá todas as cuestións presentadas polos interesados e aquelas outras derivadas do procedemento.

A resolución non poderá ter en conta feitos distintos dos determinados na fase de instrución do procedemento, sen prexuízo da diferente valoración xurídica.

Se non se notificara a resolución sancionadora transcurrido un ano desde a iniciación do procedemento, se producirá a caducidade do mesmo e se procederá ao arquivo das actuacións, por solicitude do interesado ou de oficio polo órgano competente para ditar a resolución, excepto nos casos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable aos interesados ou se suspendese polas actuacións xudiciais a que se refire o artigo 2.1 do Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

Cando a paralización do procedemento se producise por causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal e cando intervise outra autoridade competente para impoñer a sanción de multa e téñase que trasladar o expediente para substanciar a suspensión da autorización administrativa para conducir á administración xeral do Estado, o prazo de caducidade se suspenderá e reanudarás, polo tempo que reste ata un ano, unha vez que adquira firmeza a resolución xudicial ou administrativa correspondente.

Artigo 137. As resolucións que poñan fin á vía administrativa serán recurribles en vía administrativa de conformidade co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e perante a Xurisdición contencioso-administrativa de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 138. O prazo de prescrición das infraccións será o de tres meses para as infraccións leves, seis meses para as infraccións graves e un ano para as infraccións moi graves.



CONCELLO DE OLEIROS

O prazo de prescrición cóntase a partir do día en que os feitos se cometeran. A prescrición interrompese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a averiguar a súa identidade ou domicilio e se practiquen con proxección externa á dependencia en que se orixine. Tamén se interrompe a prescrición pola notificación efectuada de acordo co establecido no artigo 78 da Lei de seguridade viaria. A prescrición reanúdase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

O prazo de prescrición das sancións será dun ano, computado desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se imponía a correspondente sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Disposición transitoria

Os expedientes sancionadores que se iniciaran con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza seguirán a súa tramitación de acordo coa normativa nese momento temporal vixente, excepto nos casos en que os preceptos do presente texto resulten mais beneficiosos para o autor da infracción, caso no que se aplicarán os mesmos.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza reguladora do cadro sancionador de infraccións de Tráfico aprobada o 17 de xuño de 1993 (publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de outubro de 1993), e cantas normas municipais de igual ou inferior rango se opoñan á presente Ordenanza.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

ANEXO

Normas xerais de circulación urbana

Actividades que afectan a diversos usuarios da vía

OM	4	1	B	L	Peóns que dificulten a circulación de outros viandantes ou crucen a calzada incorrectamente	60 (42)
OM	4	3	B1	G	Arrincar ou circular os conductores de bicicletas, quads, motocicletas e ciclomotores apoiando unha roda soa na calzada, o só dúas no caso dos quads	150 (105)
OM	4	3	B2	G	Agarrarse a vehículos en marcha os conductores de bicicletas, patíns, monopatíns e ciclomotores	150 (105)



CONCELLO DE OLEIROS

OM	5	1	A	G	Realizar obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto na vía pública sen autorización do titular da vía	150 (105)
OM	6	1	A	L	Botar, depositar ou abandonar obxectos ou materias na vía ou nas súas inmediacións	90 (63)
OM	5	1	B	G	Efectuar traballos ou actividades que representen un entorpecemento, interrupción ou obstáculo á circulación sen autorización municipal	150 (105)
OM	6	1	B	L	Deixar na vía obxectos ou materias que podan producir perigo para a circulación de vehículos e peóns	90 (63)
OM	6	1	C	L	Deixar na vía obxectos ou materias que podan deteriorala	90 (63)
OM	6	1	D	L	Deixar na vía obxectos ou materias que modifiquen as condicións axeitadas para a circulación de vehículos ou peóns	90 (63)
OM	6	1	D	L	Deixar na vía obxectos ou materias que podan entorpecer a parada ou o estacionamento	90 (63)
OM	7	1	C	L	Conducir un animal ou animais sen adoptar as precaucións necesarias de seguridade ao aproximarse a outros usuarios	90 (63)
OM	7	1	D	L	Levar correndo cabalerías, gandos ou vehículos de carga de tracción animal ou abanoar a súa conducción	90 (63)

Sinalización

OM	10	1	A	G	Instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modificar a sinalización dunha vía se autorización do seu titular	300 (210)
OM	10	2	A	L	Modificar o sentido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que podan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar aos usuarios da vía ou distraer a súa atención	90 (63)

Prohibicións de paradas e estacionamentos

OM	19	1	A	L	Parar en lugar prohibido por sinalización vertical e/ou horizontal (<i>deberá indicarse o tipo de sinalización existente</i>)	90 (63)
OM	19	1	B	G	Parar producindo obstrución grave á circulación de peóns ou vehículos (<i>aplicar só cando non haxa outro artigo concreto que se axeite á infracción cometida. Deberá concretarse o lugar da parada e o perigo creado</i>)	120 (84)
OM	19	1	C	L	Parar en dobre fila	90 (63)
OM	19	1	D	G	Parar sobre refuxio, isleta, mediana, zona de protección	92 (64)
OM	19	1	E	G	Parar obstaculizando o paso de entrada ou saída de peóns dun inmovible, así como en vaos debidamente sinalizados.	92 (64)
OM	19	1	F-1	G	Parar en zona sinalizada para uso exclusivo de minusválidos ou persoas con mobilidade reducida	150 (105)
OM	19	1	F-2	G	Parar un vehículo sobre a beirarrúa, obstaculizando notablemente ou por completo o paso de peóns por ese tramo	120 (84)
OM	19	1	F-3	L	Parar un vehículo parcialmente sobre a beirarrúa (<i>para infraccións que non obstaculizan o paso de peóns sobre a beirarrúa</i>)	90 (63)
OM	19	1	F-4	L	Parar un vehículo sobre un paseo, parque ou praza pública	90 (63)
OM	19	1	F-5	G	Parar un vehículo sobre un paso de peóns	120 (84)
OM	19	1	G	G	Parar cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da estrada, ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala, sea inferior a 3	92 (64)



CONCELLO DE OLEIROS

					metros	
OM	19	1	H	G	Parar impedindo incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado	90 (63)
OM	19	1	I-1	G	Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos	120 (84)
OM	19	1	I-2	G	Nas interseccións e nas súas proximidades causando perigo por falta de visibilidade	150 (105)
OM	19	1	J-1	L	Parar nunha ponte	90 (63)
OM	19	1	J-2	G	Parar sobre un paso a nivel, túneles e debaixo dos pasos elevados	120 (84)
OM	19	1	K	G	Parar impedindo a visibilidade de sinais de tráfico aos condutores ás que vaian dirixidas	120 (84)
OM	19	1	L	G	Parar en curva ou cambio de rasante ou nas súas proximidades cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos podan rebasar sen perigo ao que estea parado	120 (84)
OM	19	1	M	G	Parar en zonas debidamente sinalizadas destinadas a vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencias	120 (84)
OM	19	1	N	G	Parar en carriles destinados á circulación de determinados usuarios como autobuses, taxis, tranvías	120 (84)
OM	19	1	O	G	Parar nos rebaixes da beirarrúa destinados ao paso de persoas de mobilidade reducida	120 (84)
OM	19	1	P	G	Parar nos pasos destinados exclusivamente para o uso de ciclistas	92 (64)
OM	19	1	Q	G	Parar obstaculizando os accesos ou saídas de emerxencia debidamente sinalizados pertencentes a colexios, edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos na hora da súa celebración	120 (84)
OM	19	1	R-1	G	Parar no medio da estrada aínda que a anchura da vía o permita (sen obstaculizar gravemente a circulación. No caso de que a obstaculizase, denuncia polo art. 19.1.b)	92 (64)
OM	19	1	S	G	Parar impedindo un xiro autorizado	92 (64)
OM	21	1	A	G	Estacionar obstaculizando a circulación (definir a obstaculización creada. Empregar este artigo cando a conduta non encaixe noutra concreta infracción)	150 (105)
OM	21	1	B	G	Estacionar constituíndo un risco para os demais usuarios da vía (definir o risco creado. Empregar este artigo cando a conduta non encaixe noutra concreta infracción)	150 (105)
OM	21	1	C	L	Estacionar un vehículo de xeito que non permite a mellor utilización do restante espazo disponible (<i>empregar este artigo cando a conduta non encaixe noutra concreta infracción</i>)	60 (42)
OM	22	1	D	L	Estacionar un vehículo de dúas rodas encadeado a outro ou a calquera elemento non destinado a tal fin	90 (63)
OM	22	1	E-1	L	Estacionar en vía urbana un vehículo destinado ao transporte de viaxeiros ou mercadorías con masa máxima autorizada superior a 3.500 kg	90 (63)
OM	22	1	E-2	L	Estacionar na vía pública un remolque, semirremolque, carromato, góndola de transporte e colectores de camiós, separados do seu vehículo tractor	90 (63)
OM	22	1	F	L	Estacionar en vía urbana caravanas ou autocaravanas de menos de 3.500 k por un período superior a 48 horas	90 (63)
OM	23	1	A	L	Estacionar no lado esquerdo da estrada en relación ao sentido da marcha nunha vía de dobre sentido de circulación	90 (63)
OM	24	1	A	L	Estacionar sen situar o vehículo o máis preto posible do bordo da beirarrúa	60 (42)
OM	24	1	B	L	Estacionar en rúas urbanizadas sen beirarrúas, sen deixar un nínimo dun metro de	90



CONCELLO DE OLEIROS

					distancia á fachada máis próxima	(63)
OM	28	1	A	L	Estacionar en lugar prohibido por sinal vertical ou horizontal (<i>indicar a sinalización concreta: exemplo: sinal vertical, marcia vial amarela continua ou zig/zag</i>)	90 (63)
OM	28	1	B	L	Estacionar onde estea prohibida a parada	90 (63)
OM	28	1	C	G	Estacionar en dobre fila en calquera suposto	90 (63)
OM	28	1	D	G	Estacionar sobre os refuxios, isletas, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico	120 (84)
OM	28	1	E-1	G	Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías, para este tipo de vehículos, nos días e horas en que estea en vigor a reserva, e cando se exceda dunha hora de estacionamento.	92 (64)
OM	28	1	E-2	G	O estacionamento de vehículos destinados ao transporte de mercadorías que estacionen en zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías pero non realicen labores de carga e descarga	92 (64)
OM	28	1	E-3	G	Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías para usuarios que non teñan autorización para estacionar nelas.	92 (64)
OM	28	1	F	G	Estacionar en parada de bus o taxi	120 (84)
OM	28	1	G	G	Estacionar nas zonas reservadas para o estacionamento de vehículos de servizo público, organismos oficiais, delegacións diplomáticas e servizos de urxencia ou policía	120 (84)
OM	28	1	H	G	Estacionar diante dos accesos ou saídas de emerxencia debidamente sinalizados de edificios destinados a espectáculos ou actos públicos nas horas da súa celebracións obstaculizando a saída masiva de persoas en caso de emerxencia	150 (105)
OM	28	1	I-1	G	Estacionar en batería sen que existan sinalización que o posibilite	92 (64)
OM	28	1	I-2	G	Estacionar en liña cando o estacionamento deba facerse en batería segundo a sinalización existente	92 (64)
OM	28	1	J	G	Estacionar e rúas dun só sentido de circulación, deixando para a circulación rodada unha anchura libre inferior á dun carril de 3 metros	92 (64)
OM	28	1	K	G	Estacionar nas rúas de dobre sentido de circulación nas que a anchura da estrada só permita o paso de dúas columnas de vehículos	92 (64)
OM	28	1	L-1	L	Estacionar obstaculizando a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmobile de persoas ou animais	90 (63)
OM	28	1	L-2	G	Estacionar obstaculizando notablemente ou impedindo a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmobile de persoas ou animais	120 (84)
OM	28	1	M	G	Estacionar obstaculizando a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con mobilidade reducida	150 (105)
OM	28	1	N	G	Estacionar impedindo incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado	92 (64)
OM	28	1	O-1	G	Estacionar nos vaos obstaculizando a saída e entrada de vehículos	120 (84)
OM	28	1	O-2	L	Estacionar nos vaos obstaculizando parcialmente (<i>non impide a entrada e saída de vehículos</i>)	90 (63)
OM	28	1	P	G	Estacionar nos carrís reservados para a circulación de determinados usuarios (<i>carril bus, taxi, tranvía</i>)	150 (105)
OM	28	1	Q	L	Estacionar nos lugares reservados exclusivamente para a parada de determinadas categorías de vehículos	90 (63)
OM	28	1	R	L	Estacionar nos lugares sinalizados temporalmente por obras, actos públicos ou eventos deportivos	90 (63)
OM	28	1	S	L	Estacionar diante dos lugares reservados para colectores de recollida de lixo	90



**CONCELLO DE
OLEIROS**

						(63)
OM	28	1	T-1	G	Estacionar sobre as beirarrúas obstaculizando notablemente ou por completo o paso de peóns por ese tramo	120 (84)
OM	28	1	T-2	L	Estacionar un vehículo parcialmente sobre a beirarrúa (<i>permite o paso de peóns</i>)	90 (63)
OM	28	1	T-3	G	Estacionar un vehículo sobre un paseo, parque, praza pública, zona axardinada, zonas verdes	92 (64)
OM	28	1	T-4	G	Estacionar sobre un paso de peóns	150 (105)
OM	28	1	U	G	Estacionar en zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con mobilidade reducida	150 (105)
OM	28	1	V	G	Estacionar nunha ponte, paso a nivel e pasos inferiores	150 (105)
OM	28	1	W	G	Estacionar impedindo a visibilidade da sinalización a outros usuarios a quen lles afecte	150 (105)
OM	28	1	X	G	Estacionar nun túnel ou tramo de vía afectado pola sinal de túnel	150 (105)
OM	28	1	Y	L	Estacionar en lugar onde se obstaculiza o uso ou acceso aos hidrantes debidamente sinalizado	90 (63)
OM	28	1	Z	L	Estacionar na beiravía	90 (63)
OM	28	1	AA	G	Estacionar impedindo un xiro autorizado	92 (64)
OM	28	1	BB1	G	Estacionar en zona de estacionamento limitado por contravir o uso temporal ou de residentes establecido, ben por non exhibir en lugar visible o distintivo válido de acreditación do pago da taxa correspondente ou cando colocado o distintivo se supere o tempo máximo de estacionamento	92 (64)
OM	28	1	BB2	G	Estacionar en zonas onde estea previsto o estacionamento de residentes da rúa ou rúas próximas sen dispor e/ou mostrar autorización municipal para facelo	92 (64)
OM	28	1	CC1	G	Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos	150 (105)
OM	28	1	CC2	G	Nas interseccións e nas súas proximidades causando perigo por falta de visibilidade	150 (105)

Actividades na vía pública con afectación na circulación

Carga, descarga e mudanzas

OM	29	1	A	L	Realizar labores de carga e descarga en lugares non habilitados para iso	90 (63)
OM	29	1	B	L	Realizar labores de carga e descarga en lugar habilitado sen posuír a correspondente tarxeta de transporte ou que carezan de autorización	90 (63)
OM	29	1	C	L	Deixar na vía pública mercadorías ou materias obxecto de carga e descarga	60 (42)
OM	29	2	A	L	Efectuar labores de carga e descarga producindo ruídos innecesarios e molestos	60 (42)
OM	29	2	B	L	Non limpar a vía pública cando cando houberse lixo derivado de labores de carga e descarga	90 (63)
OM	29	3	A	L	Realizar labores de carga e descarga pola parte do vehículo máis alonxada da beirarrúa	60 (42)
OM	29	3	B	L	Realizar labores de carga e descarga sen empregar medios suficientes para axilizar a operación	60 (42)



CONCELLO DE OLEIROS

OM	29	3	C	L	Realizar labores de carga e descarga dificultando a circulación de vehículos ou persoas	90 (63)
OM	29	3	D	L	Realizar labores de carga e descarga obstaculizando a circulación de vehículos ou peóns	90 (63)
OM	29	4	A	L	Non sinalizar debidamente a realización de operacións de carga e descarga, existindo perigo para peóns ou vehículos	90 (63)
OM	30	1	A	L	Realizar labores de carga e descarga fóra dos locais comerciais e industriais, sempre que fose posible	60 (42)
OM	32	1	A	L	Realizar labores de carga e descarga con vehículos de masa máxima autorizada de mais de 9,5 toneladas sen autorización municipal	90 (63)
OM	32	1	A	L	Realizar labores de carga e descarga con vehículos de masa máxima autorizada de mais de 9,5 toneladas obstaculizando a circulación	90 (63)
OM	33	1	A	L	Realizar labores de carga e descarga en situacións ou para servizos especiais (p. ex. combustible, mudanzas) sen autorización municipal expresa ou contravindo os seus termos	90 (63)

Ocupacións da vía pública

OM	37	1	A	L	Utilizar sen autorización a vía pública as casas de compravenda, talleres mecánicos ou de lavado, e calquera outras empresas do sector da automoción para estacionar vehículos relacionados coa súa actividade industrial ou comercial	90 (63)
OM	37	2	A	L	Utilizar a vía pública para estacionar vehículos que leven instalado un soporte de publicidade, calquera que sexa a actividade comercial ou industrial que anuncien	90 (63)
OM	37	3	A	L	Utilizar as empresas ou os particulares a vía pública para estacionar os vehículos promovendo a súa venda	90 (63)
OM	37	1	C	L	Estacionar nas vías públicas autocaravanas ou similares dentro do termo municipal, con vocación fixa ou temporal	90 (63)

Obras e servizos na vía pública

OM	38	2	A	L	Colocar nun mesmo poste máis de dúas sinais reglamentarias, ou non gardar a máis baixa unha distancia mínima dun metro ao chan.	60 (42)
OM	38	3	A	L	Utilización nun mesmo poste das señais combinadas de “dirección prohibida” e “dirección obrigatoria”.	60 (42)
OM	38	5	A	L	Non manter adecuadamente a sinalización vertical da vía pública na zona de obra.	90 (63)
OM	38	5	B	L	Modificar a sinalización de obra sin comunicalo ao Concello previamente.	90 (63)
OM	39	2	A	L	Instalar valados de maneira inadecuada para o tráfico rodado e peonil. (<i>Deberase indicar a situación que non se axuste ao establecido na norma da Ordenanza</i>)	90 (63)
OM	39	3	A	L	Non respetar as normas establecidas para a protección dos peóns con ocasión das obras ou instalacións en beirarrúas e pasos peonís (<i>deberá concretarse as circunstancias en función do contido da norma da Ordenanza</i>)	90 (63)
OM	40	1	A	L	Sinalizar en horas nocturnas de maneira inadecuada unha obra ou actividade. (<i>Deberá indicarse en qué consiste a inadecuación</i>)	90 (63)
OM	41	1	A	L	Non respetar os límites de anchura da vía nos casos de obras e instalacións, salvo autorización. (<i>Deberá indicarse a anchura existente polo axente</i>)	90 (63)
OM	41	3	A	L	Non exhibir públicamente a autorización municipal para realizar unha obra, instalación, ocupación ou traballo na vía pública.	60 (42)



CONCELLO DE OLEIROS

Probas deportivas, actos culturais, eventos artísticos e festas populares

OM	42	1	A	L	Realizar actos culturais, festas populares, rodaxes cinematográficas, televisivos, actos festivos ou similares na vía pública sen a correspondente autorización municipal.	90 (63)
OM	43	1	A	L	Realizar actos culturais, festas populares, rodaxes cinematográficas, televisivos, actos festivos ou similares na vía pública con autorización municipal, sen permitir o acceso á propiedade privada.	90 (63)
OM	43	1	A	L	Realizar actos culturais, festas populares, rodaxes cinematográficas, televisivos, actos festivos ou similares na vía pública con autorización municipal, sen permitir o paso a vehículos de urxencia e transporte público.	90 (63)
OM	49	1	A	L	Non dispoñer dos medios necesarios para levar a efecto todo tipo de eventos na vía pública.	90 (63)
OM	50	1	A	L	Non retirar de inmediateza calquer instalación colocada como consecuencia de celebración de acto deportivo, cultural, festivo e análogo, unha vez finalizado este.	90 (63)
OM	50	2	A	L	Utilizar nunha proba deportiva un itinerario diferente ao previamente autorizado	90 (63)
OM	52	1	A	L	Efectuar calquer tipo de actuación de carácter artístico, tanto individual como en grupo, sen o correspondente permiso municipal.	90 (63)

Usos prohibidos nas vías públicas

OM	53	1	A	L	Instalar na vía pública máquinas expendedoras ou aparatos lúdico-recreativos sen autorización municipal	90 (63)
OM	54	1	A	L	Practicar xogos ou diversións en vías, rúas e prazas de uso público, que causen molestias.	60 (42)
OM	54	1	B	L	Practicar xogos ou diversións en vías, rúas e prazas de uso público, que causen certo risco.	90 (63)
OM	54	1	C	L	Realizar a venda de calquer tipo de produto ou ofrecemento de servizo, a usuarios de vehículos que circulan polas vías públicas, o se atopen en situación de parada nun semáforo, retención ou sinal.	90 (63)
OM	56	1	A	L	Ocupar as beirarrúas con calquer tipo de mercancías, materiais de construción ou calquer outro elemento que poida constituir un obstáculo, sen autorización municipal.	90 (63)

Publicidade na vía pública

OM	64	1	A	L	Ocupar a vía pública con publicidade sen autorización municipal.	90 (63)
----	----	---	---	---	--	------------

Transportes

OM	66	1	A	MG	Realizar transporte escolar e/ou de menores sen as autorizacións correspondentes.	450 (315)
OM	67	1	A	L	Parar un autobús de transporte escolar fora das paradas autorizadas para recoller ou deixar aos alumnos.	90 (63)
OM	70	1	A	L	Permanecer nas paradas máis tempo do necesario os vehículos de transporte escolar e/ou de menores.	90 (63)
OM	72	1	A	L	Permanecer os vehículos de transporte público nas paradas máis tempo do necesario para recoller ou deixar pasaxeiros.	90 (63)
OM	72	1	B	L	Parar os vehículos de transporte público para tomar ou deixar viaxeiros fóra dos	90



CONCELLO DE OLEIROS

					lugares establecidos.	(63)
OM	73	1	A	L	Permanecer os vehículos de taxi nas paradas de taxi con fin distinto ao da espera de pasaxeiros.	90 (63)
OM	75	1	A	G	Circular vehículo con peso ou dimensión superior ao reglamentario sen axustarse á licenza municipal concedida.	150 (105)
OM	79	1	A	G	Realizar transporte de mercadoría perigosa sen autorización municipal.	300 (210)
OM	83	1	A	G	Manipular mercadoría perigosa sen autorización municipal.	300 (210)
OM	83	1	B1	G	Estacionar en zona urbana un vehículo destinado a transporte de mercadorías perigosas.	300 (210)
OM	83	1	B2	MG	Manipular mercadorías perigosas de alto risco sen autorización municipal.	450 (315)
OM	84	1	C	MG	Realizar transporte de mercadoría perigosa de alto risco sen autorización municipal.	450 (315)

Emisión de ruidos e gases, e vehículos abandonados

OM	87	1	A	G	Circular con un nivel de emisión de ruído superior ao límite establecido pola normativa de medio ambiente.	150 (105)
OM	87	1	B	G	Negarse a colaborar nas probas de detección de niveis de ruído.	150 (105)
OM	88	1	A	G	Circular un vehículo sen elemento silenciador ou sendo este ineficaz.	150 (105)
OM	89	1	A	G	Circular un vehículo con elemento silenciador non homologado.	150 (105)
OM	90	1	A	G	Circular un vehículo que por exceso de carga emite ruidos que superan os límites reglamentarios.	150 (105)
OM	90	1	B	G	Facer uso inxustificable ou abusivo dos sinais acústicos ou con sonido estridente.	150 (105)
OM	90	1	C	G	Utilizar ou conducir de forma incorrecta un vehículo, producindo ruidos innecesarios ou molestos.	150 (105)
OM	90	1	D	G	Utilizar a megafonía sen autorización administrativa ou outro medio de publicidade sonoro nun vehículo, ou circular cun volume excesivo dos dispositivos de radio sen a autorización correspondente.	150 (105)
OM	91	1	A	G	Circular con un nivel de emisión de gases superior ao límite establecido pola normativa de medio ambiente.	150 (105)
OM	91	1	B	G	Negarse a colaborar nas probas de detección de niveis de gases ou fumes.	150 (105)
OM	93	1	A	G	Utilizar ou conducir de forma incorrecta un vehículo, producindo emisións de gases innecesarias ou molestas.	150 (105)
OM	95	1	A	L	Estacionar un vehículo en situación de abandono na vía pública	90 (63)

Zonas con regulación circulatoria específica

Zonas peonís

OM	96	1	A	G	Circular co vehículo indicado polo interior de parques, prazas públicas, zonas axardinadas e demais lugares destinados ao ocio e desfrute de viandantes	120 (105)
OM	96	1	B	G	Circular o vehículo indicado empregando as beirarrúas ou os pasos elevados	120



CONCELLO DE OLEIROS

					destinados ao cruce de vías por parte dos peóns	(105)
OM	98	1	A	L	Circular o vehículo por zona peonil fóra do horario e/ou días da semana habilitados	90 (63)
OM	98	1	B	L	Estacionar o vehículo por zona peonil fóra do horario e/ou días da semana habilitados	90 (63)
OM	99	1	A	L	Realizar labores de carga e descarga fóra do horario establecido en zona peonil	90 (63)
OM	99	1	B	L	Circular un vehículo de urxencias por zona peonil sen atoparse realizando un servizo desta característica	90 (63)
OM	99	1	C	L	Estacionar un vehículo de urxencias en zona peonil sen atoparse realizando un servizo desta característica	90 (63)
OM	99	1	D	L	Circular un vehículo de servizo público por zona peonil sen atoparse realizando un servizo desta característica	90 (63)
OM	99	1	E	L	Estacionar un vehículo de servizo público en zona peonil sen atoparse realizando un servizo desta característica	90 (63)

Carrís bici

OM	102	1	A	G	Circular o/os usuario/s de bicicleta/s por un carril bici realizando competicións que non foron autorizadas	120 (84)
OM	102	1	B	G	Circular o usuario dunha bicicleta polo carril bici de xeito imprudente e irresponsable (<i>especificar o feito concreto</i>)	120 (84)
OM	103	1	A	L	Non circular o condutor dunha bicicleta nun carril bici o máis próximo á súa dereita segundo o sentido da marcha, podendo facelo	60 (42)
OM	103	1	B	L	Non ceder o paso o condutor dunha bicicleta nun cruce cando realice un cambio de sentido ou dirección a outra bicicleta que circule con preferencia no carril bici	60 (42)
OM	103	1	C	L	Non respectar o usuario dunha bicicleta a sinalización vertical ou horizontal existente no carril bici	60 (42)
OM	103	1	D	L	Non adiantar ou rebasar a outras bicicletas pola esquerda nun carril bici, podendo facelo sen perigo	60 (42)
OM	104	1	A	G	Circular o vehículo a motor por carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas (<i>non aplicar este artigo a motocicletas, ciclomotores, mini-motos, monopatinés e patinetes autopropulsados</i>)	120 (84)
OM	104	1	B1	G	Parar un vehículo a motor por carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas obstaculizándoo e creando un risco (<i>non aplicar este artigo a motocicletas, ciclomotores, mini-motos, monopatinés e patinetes autopropulsados</i>)	120 (84)
OM	104	1	B2	G	Parar un vehículo a motor por carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas (<i>para paradas que non obstaculizan eses carril e non crean risco</i>) (<i>Non aplicar este artigo a motocicletas, ciclomotores, mini-motos, monopatinés e patinetes autopropulsados</i>)	92 (64)
OM	104	1	C1	G	Estacionar un vehículo a motor en carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas, obstaculizándoo e creando un risco (<i>Non aplicar este artigo a motocicletas, ciclomotores, mini-motos, monopatinés e patinetes autopropulsados</i>)	150 (105)
OM	104	1	C2	G	Estacionar un vehículo a motor en carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas (<i>para estacionamentos que non obstaculizan ese carril e non crean risco</i>) (<i>Non aplicar este artigo a motocicletas, ciclomotores, mini-motos, monopatinés e patinetes autopropulsados</i>)	92 (64)
OM	104	1	D	G	Circular ciclomotor o motocicleta por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicleta	120 (84)
OM	104	1	E1	G	Parar ciclomotor o motocicleta por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas, obstaculizándoo e creando un risco	120 (84)
OM	104	1	E2	G	Parar ciclomotor o motocicleta por un carril destinado para o uso exclusivo de	92



CONCELLO DE OLEIROS

					bicicletas <i>(para paradas que non obstaculizan o carril e non crean risco)</i>	(64)
OM	104	1	F1	G	Estacionar ciclomotor o motocicleta por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas, obstaculizándoo e creando un risco	120 (84)
OM	104	1	F2	G	Estacionar ciclomotor o motocicleta por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas <i>(para estacionamentos que non obstaculizan o carril e non crean risco)</i>	92 (64)
OM	104	1	G	G	Circular cunha mini-moto por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas <i>(se a xuízo do axente fixéseo con risco ou perigo, denunciar por condución negligente ou temeraria do art. 3 RGC e propor a retirada dos puntos correspondentes)</i>	120 (84)
OM	104	1	H	G	Parar unha mini-moto por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas	92 (64)
OM	104	1	I	G	Estacionar unha mini-moto por un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas	92 (64)
OM	104	1	J	G	Circular cun monopatín ou patín autopropulsado por un carril destinado ao uso exclusivo de bicicletas <i>(se estivese matriculado e se a xuízo do axente fixéseo con risco ou perigo, denunciar por condución negligente ou temeraria do art. 3 RGC)</i>	120 (84)
OM	104	1	K	L	Parar un monopatín ou patín autopropulsado nun carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas	60 (42)
OM	104	1	L	L	Estacionar un monopatín ou patín autopropulsado nun un carril destinado para o uso exclusivo de bicicletas	60 (42)
OM	105	1	A	L	Cruzar un carril destinado a bicicletas por lugar distinto do sinalizado para o efecto	90 (63)
OM	106	1	A	L	Non extremar a precaución cando cunha bicicleta se circule por zona peonil ou parque público integrado en carril bici	90 (63)
OM	106	1	B	L	Non respectar o condutor dunha bicicleta a preferencia dun peón cando circule por zona peonil ou parque público integrado en carril bici	90 (63)

Zonas especiais

OM	107	1	A	G	Parar, estacionar ou incumprir en calquera xeito (os condicionamentos de velocidade, limitacións de peso ou calquera outro), o disposto pola autoridade municipal competente en canto ao establecemento de zonas especiais	150 (105)
----	-----	---	---	---	--	--------------